

Código do documento	Código do expediente
USG14I0270	USG/2020/156
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3F29 4C58 2Y0R 5L1Y 1D52	

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 29 DE OUTUBRO DE 2020

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as trece horas e trinta e tres minutos do día vinte e nove de outubro de dous mil vinte, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión a sra. Alcadesa en funcións, dona María Guadalupe Pombo Carril, (resolución da Alcaldía de data vinte e nove de outubro de dous mil vinte) e asisten:

Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

D^a MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE
D^a. MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA
D. MIGUEL SUÁREZ GARCÍA
D^a. YESSICA MÉNDEZ SÁNCHEZ
D. MARIO ALFONSO IGLESIAS GÓMEZ
D^a. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ
D. CARLOS LIÑARES GESTAL
D.^a SUSANA AMOR FERNÁNDEZ
D. ABRAHAM SEIJAS GONZÁLEZ

Polo Grupo Político Popular:

D^a. IZASKUN GARCÍA GOROSTIZU
D. ALFONSO RICO VERA
D. ANTÓN PRIETO GARCÍA

Polo Grupo Político Bloque Nacionalista Galego:

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO
D^a. MARÍA BEATRIZ PÉREZ MOSQUERA
D. GONZALO MÉNDEZ MOSQUERA

Polo Grupo Político Alternativa dos Veciños:

D^a. MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA
D. EDUARDO JOSÉ MOURELLE BOTANA
D^a. SANDRA MARÍA MARZOA GARCÍA

Non asiste á sesión o Sr. alcalde don José Ramón Rioboo Castro.

Asiste á sesión a interventora municipal, dona Vanesa García Barreiro, e dá fe do acto a secretaria xeral, dona Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

Código do documento	Código do expediente
USG14I0270	USG/2020/156
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3F29 4C58 2Y0R 5L1Y 1D52	

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS REALIZADAS EN DATA 30-07-2020, 10-09-2020 E 24-09-2020.

Seguidamente, de conformidade co previsto no art. 79 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP N° 162, 16/7/2004), pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación as actas das sesións ordinaria celebrada en data trinta de xullo de dous mil vinte, extraordinaria de data dez de setembro de dous mil vinte e ordinaria de data vinte e catro de setembro de dous mil vinte, das que se remitiu copia coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria as actas das sesións ordinaria celebrada en data trinta de xullo de dous mil vinte, extraordinaria de data dez de setembro de dous mil vinte e ordinaria de data vinte e catro de setembro de dous mil vinte, sendo aprobadas por unanimidade dos sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación decláranse aprobadas as actas das sesións ordinaria de data trinta de xullo de dous mil vinte, extraordinaria de data dez de setembro de dous mil vinte e ordinaria de data vinte e catro de setembro de dous mil vinte.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que ao seu grupo lle gustaría que constara en acta que dous dos seus concelleiros non foron convocados en tempo e forma pois foron convocados no día de onte, ás 12:40 e 12:45 horas ao correo electrónico pois por motivos persoais non contan con posibilidade de acceder á sede electrónica; que coa sede electrónica seguen a ter os mesmos problemas que xa veñen anunciando desde fai tempo e que el persoalmente tivo serios problemas para descargar a documentación do pleno da dita sede polo que pregunta que medidas se van adoptar respecto disto.

C.I.F. P-1503100-H

Responde a Sra. Alcaldesa en funcións e di que cre que a notificación lle chegou a todo o mundo o luns, en tempo e forma, a través da sede electrónica.

De seguido solicita o uso da palabra a concelleira de Alternativa dos Veciños, Sra. Marzoa García quen, unha vez concedido, di que a ela lle chegou un correo coa convocatoria o día anterior á sesión plenaria, ás 12:40 horas.

Fai uso da palabra a Sra. Concelleira de Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela e di que a ela non lle chegou o luns..

Insiste a Sra. Alcaldesa en funcións dicindo que o luns, a través da sede electrónica, foi convocada en tempo e forma toda a Corporación.

Intervén a concellería do grupo político Alternativa dos Veciños, Sra. Marzoa García, e di que ela e a súa compañeira non acceden a través da sede electrónica e polo tanto non se dan por enteradas de dita convocatoria.

Responde a Sra. Alcaldesa en funcións e di que ela entende que todo o mundo ten acceso á sede electrónica e polo tanto á convocatoria en tempo e forma.

Fai uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana e di que aínda que se teña acceso á sede electrónica, esta non funciona correctamente pois as súas compañeiras non teñen acceso pero el si e puido comprobar que non funciona como ten que funcionar e cre recordar que foi o xoves pasado cando lle pediu á Sra. Alcaldesa en funcións que lle remitira algo a través da sede electrónica e ela lle dixo que había un problema cun servidor de R ou algo así e que non lle era posible.

Responde a Sra. Alcaldesa en funcións e di que o problema era co correo electrónico, non coa sede electrónica, coa que non había ningún problema para acceder.

Intervén a continuación o Sr. Mourelle Botana e di que de seguir así o que vai suceder é que calquera día non se dean por enterados e non poidan asistir á sesión plenaria co que dito pleno non se podería celebrar.

Responde a Sra. Alcaldesa en funcións e di que a convocatoria se fai desde a Secretaría en tempo e forma no prazo legalmente establecido.

A continuación a Sra. Alcaldesa en funcións pide disculpas por non disculpar a asistencia do alcalde, que non asiste por motivos persoais.

2.- PROPOSTA RELATIVA A APROBACIÓN FESTAS LOCAIS EN CULLEREDO ANO 2021.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía, de data quince de outubro de dous mil vinte, ditaminada favorablemente pola comisión informativa de Medioambiente, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Persoal, Mocidade, Voluntariado e Protección Civil na sesión extraordinaria de data vinte e seis de outubro de dous mil vinte, que literalmente di:

“PROPOSTA DE APROBACIÓN DO CALENDARIO DE FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2021

A Xunta de Galicia solicita do Concello que se emita proposta co obxecto de determinar os dous días do ano 2021 que terán carácter de festas locais, segundo o establecido no artigo 37.2 do Estatuto dos traballadores e o artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo.

De acordo con esta solicitude, propónse ao Pleno municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Propoñer como festas locais de carácter retribuído e non recuperable no ámbito do termo municipal de Culleredo para o ano 2021, as seguintes:

- 16 de febreiro, Martes de Entroido
- 24 de xuño, día de San Xoán

Segundo.- Dar traslado desta proposta á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.”

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data quince de outubro de dous mil vinte, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: catorce (14), dos/as Sres./as: Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández, Seijas González, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera e Méndez Mosquera.

Votos en contra: ningún

Abstencións: seis (6), dos/as Sres/as: García Gorostizu, Rico Vereá, Prieto García, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Código do documento	Código do expediente
USG14I0270	USG/2020/156
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3F29 4C58 2Y0R 5L1Y 1D52	

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data quince de outubro de dous mil vinte, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

3.- PROPOSTA SOBRE CONFORMIDADE CO PROXECTO “DRAGADO AMBIENTAL DE LOS SEDIMENTOS DE LA RÍA DE O BURGO (A CORUÑA)”.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta do concelleiro delegado de Medio ambiente, Obras e Servizos, de data vinte de outubro de dous mil vinte, ditaminada favorablemente pola comisión informativa de Medioambiente, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Persoal, Mocidade, Voluntariado e Protección Civil na sesión extraordinaria de data vinte e seis de outubro de dous mil vinte, que literalmente di:

“Vista a resolución da Dirección Xeral da Costas e o Mar do Ministerio para a transición ecolóxica e o reto demográfico, de data 11 de setembro de 2020 de aprobación definitiva do proxecto “Dragado ambiental de los sedimentos de la ría de O Burgo (A Coruña)”(ref:15-0736). (CSV-”414Y4U4D6V0T0M0012EH”)

Tendo en conta o informe técnico emitido pola Enxeñeira técnica agrícola, de data 6/10/2020 (CSV-”0V236M2L3B1E1R560VWB”) en relación á tramitación do citado proxecto á vista do análise da totalidade das alegacións presentadas polo Concello de Culleredo na Declaración de impacto ambiental do mesmo.

Por todo o exposto, **próponse ao Pleno Municipal:**

Primeiro.- Manifestar a conformidade co proxecto denominado “Dragado ambiental de los sedimentos de la ría de O Burgo (A Coruña)”, aprobado definitivamente por resolución da Dirección Xeral da Costa e do Mar do Ministerio para a transición ecolóxica e o reto demográfico, de data 11 de setembro de 2020.

Segundo.- Adquirir o compromiso de que unha vez rematadas as obras, o Concello de Culleredo farase cargo do mantemento das mesmas.”

Fai uso da palabra a Sra. Alcaldesa-presidenta e procede á lectura da proposta presentada, abrindo a continuación a quenda de intervencións.

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o primeiro que quere pedir é aclaración respecto da documentación que foi á correspondente comisión informativa en relación con este punto pois cando se ditaminou unicamente se contaba coa proposta, un único folio cos dous puntos que se recollen na proposta que a sra. Alcaldesa en funcións vén de comentar, e no que se facía referencia a un informe que se podía descargar co COVE, un informe de oito liñas, da enxeñeira técnica agrícola do Concello, e según ten entendido o Sr. alcalde na dita comisión comentou que os asistentes dispoñían do que se puxo a disposición e el parecía estar manexando unha documentación moito máis voluminosa, motivo polo que solicita aclaración pois para fundamentar a súa argumentación é necesario dispoñer de toda a documentación existente e di que a continuación pasa a comentar a postura do seu grupo respecto desta proposta, e di que lles pareceu moi curioso unha noticia que viron onte na prensa sobre que se vai facer un parque na zona de recheo da ría que vai ser enterrada e precintada e na que, por un lado, vaise precintar a zona de lodos de máis alta toxicidade da ría, diante da Cros, onde se vai engadir un dispositivo chamado geotubos, e os residuos de alta toxicidade que hai nalgúns outros puntos da ría, de moita menor extensión, facéndose así para evitar a volatilización de lodos moi contaminantes que serían moi perigosos na afectación ao resto do proxecto e para o cumprimento do obxectivo que é o saneamento da ría e se esta decisión xa ten moita enxundia, o que vén a continuación si que polo menos ao seu grupo lle sorprende, e que lle sorprende tamén que se anuncie antes de estar aprobado que se vai facer alí un parque e procede a continuación coa lectura dos puntos primeiro e segundo

Código do documento	Código do expediente
USG14I0270	USG/2020/156
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3F29 4C58 2Y0R 5L1Y 1D52	

da proposta que se presenta neste punto, engadindo que non entende por que é necesario o primeiro punto, xa que se é unha declaración de vontade o seu grupo si está de acordo en manifestar a conformidade co proxecto, pero non entenden por que se lle suma o segundo punto que non é unha declaración de vontade senón unha cuestión de asumir unha responsabilidade e non saben se tamén un custo e unhas actuacións futuras; que lles parece moi curioso que o punto número un non vaia a ningún dos outros concellos que se vén afectados pola Ría, nin A Coruña, nin Oleiros, nin Cambre, sendo Culleredo o único concello que ten que prestar a conformidade co proxecto de dragado ambiental dos sedimentos da ría, parecéndolle moi extraño que se hai que aprobar o segundo se lle engada o primeiro, parecendo unha trampa lóxica para ver se ao ver o primeiro os concelleiros e concelleiras que deben votar se despistan e aproban algo que é inaceptable como é o segundo punto, e explica as súas razóns preguntando como vai facerse cargo o Concello de Culleredo do mantemento desa zona, dese depósito de verquidos contaminados e que xa foi unha solución técnica controvertida polo que propoñer agora que o Concello se faga cargo do mantemento parece que carece de toda lóxica, preguntando se non se trata dun proxecto do Estado e se non vai gañar un espazo de dominio costeiro, indicando que hai un responsable deste dominio, e pregunta se non van ter aí sepultados e selados lodos tóxicos; que el quere fiarse de que o proxecto ten todas as garantías para que ese modo de desfacerse dos residuos sexa válido e non vaia dar problemas pero no seu grupo descoñecen as implicacións que pode ter ese espazo no futuro, e supón que o resto da Corporación tamén o descoñece pois non cre que haxa ninguén na sesión plenaria que se está a celebrar capaz de dicir as implicacións que vai ter ese espazo; que considera que esta é unha cuestión que deben dicir técnicos especializados na materia, que deben dicir se no Pleno se pode votar con confianza e recibir esa obra ou non, debendo aclararse en que consiste o mantemento e se supón simplemente barrer a súa superficie todos os días ou implica máis cousas como que polas características do que hai aí enterrado haxa un derrubamento e haxa que encargarse del, preguntando se había máis documentación da que lles din pois o informe técnico, redactado por unha enxeñeira técnica agrícola, ten oito liñas, ocupando media carilla dunha folla, non entendendo que sobre unha cuestión tan complexa, sobre un proxecto que non foi redactado por un enxeñeiro técnico, e menos agrícola, se poida despachar en oito liñas o que se di, procedendo a ler o dito informe que di:

C.I.F. P-1503100-H

“O técnico que subscribe en relación á tramitación do proxecto “Dragado ambiental de los sedimentos de la ría de O Burgo (A Coruña”, redactado en abril de 2018, visto o análise da totalidade das alegacións presentadas polo Concello de Culleredo na Declaración de impacto ambiental do mesmo e vista a resolución de la Dirección General de la Costa y el Mar de fecha 11 de setembro de 2020 de aprobación definitiva do proxecto (Ref: 15-07369) INFORMA que procede continuar coa tramitación do proxecto, manifestando a conformidade co mesmo e adquirindo o compromiso municipal, mediante acordo plenario, de que unha vez finalizadas as obras o Concello de Culleredo farase cargo do mantemento. O que informo aos efectos oportunos, sen prexuízo de mellor criterio ao respecto.”

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que non se especifican os riscos que ten ese depósito, nin o tipo de mantemento que haberá que darlle ou o custo dese mantemento, nin quen será o responsable en caso de que suceda calquera incidente no futuro, preguntando se o ditame aprobado o luns é un ditame no sentido estrito do término, é dicir, unha exposición detallada dun tema, por un especialista no que dan opinións técnicas en función dos seus coñecementos e dun modo razonado, un ditamen elaborado por unha comisión de traballo que conclúe cunha proposta, porque a eles lles parece que falta todo o traballo que daría lugar a ese resultado, preguntando como é que non encargaron un estudo máis amplo sobre todo o que implica facerse cargo do mantemento, indicando que o equipo de goberno podería ter acudido á Deputación, ao servizo de atención aos concellos, como teñen feito outras veces e neste caso non o fai, confórmase cun informe de oito liñas; que hai que lembrar que en Culleredo hai xa experiencia sobre este tipo de cousas, e fala da parcela da Cros, sobre a que o equipo de goberno segue sen contar o que aí hai e as implicacións de ter aceptado no seu día uns terreos contaminados dunha fábrica de produtos químicos sen terlle pedido ao seu anterior propietario que os saneara, gastándose moitos cartos públicos en sanealo sen que quedara ben aínda, lembrando como lle contestou no Parlamento o secretario de Educación a un compañeiro do BNG cando preguntou polo novo colexio de Culleredo, que hoxe derivou no Vila de Rutis, e que o

Código do documento	Código do expediente
USG14I0270	USG/2020/156
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3F29 4C58 2Y0R 5L1Y 1D52	

secretario de Educación, naquel momento, díxolle ao dito compañeiro do BNG que o Concello ofertara a parcela da Cros e que a rechazaron porque estaba insuficientemente descontaminada.

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e pregunta se hai algún requirimento da Xunta, de Medio Ambiente, para que o Concello faga algunha actuación sobre esos terreos respecto da descontaminación ou do control da contaminación; que o equipo de goberno vén agora, con eses precedentes, coa proposta de que o Concello de Culleredo se faga cargo dun mantemento do que non se sabe en que consiste nin o seu custo para o recheo no que se queren selar os residuos de máis alta toxicidade, e indica que non van contar co BNG, que o proxecto é do Estado e debe ser o Estado o que se ocupe da evolución e dos gastos e mantemento futuros dese espazo e dese selado, sen prexuízo de que o Concello poida chegar a un convenio de utilización desa superficie pero nada máis; que se o equipo de goberno quere quitar o punto número dous da proposta, referido a facerse cargo do mantemento desa superficie, o BNG votará a favor da proposta pero en caso contrario votará en contra.

A continuación fai uso da palabra a Sra. Alcadesa en funcións e di que este ditame xa foi proposto na correspondente comisión informativa e foi votado favorablemente polo que non se vai modificar, existindo un informe técnico que avala a proposta que hoxe se somete a votación.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do Sr. concelleiro delegado de Medio ambiente, Obras e Servizos, de data vinte de outubro de dous mil vinte, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), dos/as Sres./as: Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández e Seijas González,

Votos en contra: seis (6), dos/as Sres./as: Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Abstencións: tres (3), dos/as Sres./as: García Gorostizu, Rico Vereá e Prieto García,

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta do Sr. concelleiro delegado de Medio ambiente, Obras e Servizos, de data vinte de outubro de dous mil vinte, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

4.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE MEDIO AMBIENTE, OBRAS E SERVIZOS RELATIVA Á APROBACIÓN DO PLAN PARA O CLIMA E A ENERXÍA SUSTENTABLE (PACES) DO CONCELLO DE CULLEREDO.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da proposta do concelleiro delegado de medio ambiente, obras e servizos, de data vinte e dous de outubro de dous mil vinte, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada proposta, que literalmente di:

“Un dos problemas ambientais primordiais ao que se enfrenta a nosa sociedade na actualidade é a loita contra o cambio climático. Aínda que este preséntase como un fenómeno de dimensións globais que debe ser abordado no ámbito internacional, o feito é que a súa solución pasa, necesariamente, polo traballo conxunto de todos os sectores da sociedade, incluídos os diferentes niveis administrativos e, dentro destes, mención especial merece o labor dos concellos pola súa proximidade e relación directa cos cidadáns.

Código do documento	Código do expediente
USG14I0270	USG/2020/156
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3F29 4C58 2Y0R 5L1Y 1D52	

A Comisión Europea puxo en marcha en 2008 o Pacto dos alcaldes (Covenant of Mayors), unha iniciativa aberta a todas as cidades e concellos en Europa co obxectivo de involucrar ás autoridades locais e aos cidadáns no desenvolvemento e a aplicación da política enerxética da Unión Europea.

A partir do éxito do Pacto dos alcaldes, en 2014 lanzouse a iniciativa Mayors' Adapt, baseada no mesmo modelo de xestión pública, mediante a que se convidaba ás cidades para asumir compromisos políticos e tomar medidas para anticiparse para os efectos inevitables do cambio climático.

O 15 de outubro de 2015, a Comisión Europea lanzou o Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía (Covenant of Mayors for Climate & Energy), fusionando as iniciativas anteriores.

Esta nova ferramenta pretende reunir aos alcaldes e alcaldesas das cidades europeas nunha rede permanente de intercambio de información para a aplicación de boas prácticas: mellorar a eficiencia enerxética non ámbito urbano, conseguir unha redución das emisións de CO2 non ámbito territorial local e aumentar a resiliencia fronte ao cambio climático.

O Pacto dos alcaldes (actualmente denominado Pacto das Alcaldías) para o clima e a enerxía consiste non compromiso dos concellos signatarios de facer propios os obxectivos da Unión Europea para o ano 2030 e reducir as emisións de CO2 non seu territorio en, polo menos, o 40 % a través de medidas de eficiencia enerxética e dun maior uso de fontes de enerxía renovable, traballando á súa vez na implantación de medidas de adaptación ao cambio climático e aumento da resiliencia fronte a este, así como un aumento da cooperación coas autoridades locais e rexionais similares na UE e fóra dela para mellorar ou acceso á enerxía segura, sostible e alcanzable.

O Concello de Culleredo, consciente da importancia de acadar estes obxectivos, mediante acordo plenario de data 25/04/2019 acordou a adhesión deste Concello ao Pacto dos Alcaldes (actualmente denominado Pacto das Alcaldías) para o Clima e a Enerxía, adhesión que se formalizou o 27/08/2019, e que conleva o cumprimento dos seguintes compromisos:

- Reducir as emisións de CO2 (e posiblemente outras emisións de gases de efecto invernadoiro) no territorio municipal nun 40% como mínimo de aquí a 2030, en particular a través da mellora da eficiencia enerxética e dun maior uso de fontes de enerxía renovables.
- Aumentar a resiliencia mediante a adaptación ás repercusións do cambio climático.

Coa finalidade de traducir tales compromisos en feitos, o Concello adquiriu as seguintes obrigas:

- Levar a cabo un inventario de emisións de referencia e unha avaliación de riscos e vulnerabilidades derivados do cambio climático.
- Presentar un Plan de acción para o clima e a enerxía sustentable (PACES) nun prazo de dous anos a partir da data da decisión do Concello (25/04/2019).
- Elaborar un informe de situación polo menos cada dous anos a partir da presentación do Plan de acción para o clima e a enerxía sustentable, con fins de avaliación, seguimento e control.

Para a elaboración do PACES o Concello obtivo subvención do 100% ao abeiro do disposto na Orde do 5 de maio de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais asinantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentable, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e procedeu á súa convocatoria, en réxime de concorrencia non competitiva, para o ano 2020 (código de procedemento MT210A) (DOG de 14 de maio de 2020).

Por resolución do Sr. Alcalde de data 13/07/2020 autorizouse o gasto derivado da execución do servizo denominado "Asistencia técnica elaboración do inventario de emisións e avaliación de riscos e vulnerabilidade derivados do

Código do documento	Código do expediente
USG14I0270	USG/2020/156
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3F29 4C58 2Y0R 5L1Y 1D52	

cambio climático, do plan de acción para o clima e a enerxía sustentable (PACES) e da documentación técnica necesaria para presentación de subvención (orde do 5 de maio de 2020)” a executar por SICASOFT SOLUTIONS, SL, CIF: B70452263, polo importe ofertado de 9.680,00 €, IVE incluído, con cargo ao RC 220200006077.

Presentado o documento PACES pola empresa adjudicataria (documento UGT14E009G), visto o informe sobre o mesmo emitido polo Xefe do Gabinete Técnico con data 21/10/2020 (documento UGT14I009H), e considerando o disposto no artigo 3.2 da Orde do 5 de maio de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais asinantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentable, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e proceder á súa convocatoria, en réxime de concorrencia non competitiva, para ou ano 2020 (código de procedemento MT210A), é polo que

PROPONSE AO PLENO MUNICIPAL

A aprobación do Plan para o clima e a enerxía sustentable (PACES) do Concello de Culleredo (documento UGT14E009G).”

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido di que ao seu grupo lle parece unha vergonza que hoxe se traia ao Pleno unha proposta deste tipo, sobre o clima, coa que está caendo en toda España e estando como están os empresarios e autónomos de Culleredo; que non saben en que mundo vive o equipo de goberno que se preocupa pola contaminación por CO₂ dos edificios administrativos pois en Culleredo o nivel de empresa en Culleredo que emite CO₂ é mínimo e tal como está o Concello, sen un plan xeral aprobado, con nove millóns de reparos de Intervención, sen un plan de vivenda social, sen un plan de vivenda de aluguer, e con todos os problemas que ten o Concello que non é quen nin de arranxar unhas estradas, chega agora o equipo de goberno con esta proposta que o que parece é un formalismo máis, parecéndolle unha vergonza que se traia ao Pleno unha proposta como a que se presenta neste punto.

A continuación fai uso da palabra a Sra. Alcadesa en funcións e di que o feito de que o equipo de goberno traia ao Pleno esta proposta non significa que non teña preocupación por todas as cuestións que a Sra. García Gorostizu refire e considera que preocuparse polo medio ambiente non é incompatible con preocuparse pola situación que se está a dar e que do que se trata é de aprobar un plan dado que o Concello de Culleredo está adherido ao referido Pacto dos Alcaldes porque había uns compromisos e unhas obrigas, urxindo aprobar o Plan para o clima e a enerxía sustentable; que o traballo feito polo Concello vai na liña das actuacións que a Sra. García Gorostizu sinala na súa intervención pero non se deben descoidar outras cuestións.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do Sr. concelleiro delegado de Medio ambiente, Obras e Servizos, de data vinte e dous de outubro de dous mil vinte, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), dos/as Sres./as: Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández e Seijas González,

Votos en contra: ningún.

Abstencións: nove (9), dos/as Sres./as: García Gorostizu, Rico Vereá, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG14I0270	USG/2020/156
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3F29 4C58 2Y0R 5L1Y 1D52	

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta do Sr. concelleiro delegado de Medio ambiente, Obras e Servizos, de data vinte e dous de outubro de dous mil vinte, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

5.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN INSTITUCIONAL RELATIVA AO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción institucional de data vinte e seis de outubro de dous mil vinte, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido a Sra. Alcaldesa-presidenta en funcións indica que esta moción se trae a esta sesión porque é a moción do Día 25 de novembro e o pleno ordinario do vindeiro mes de novembro coincide a día 26 adiántase para amosar a sensibilidade de todos os grupos políticos de Culleredo para previr e loitar contra a violencia machista.

A continuación fai uso da palabra a Sra. Alcaldesa en funcións e solicita da Sra. Secretaria xeral a lectura da moción.

A Sra. Secretaria xeral procede á lectura, que literalmente di:

“MOCIÓN INSTITUCIONAL DÍA 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, PARA A SUA CONSIDERACIÓN, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DE CULLEREDO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 17 de decembro de 1999, a través da resolución 54/134, a Asemblea Xeral da ONU declarou o 25 de novembro como o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres. Unha data que debe servir, non só para a reflexión por parte de toda a sociedade, senón tamén para a renovación dos esforzos por parte de todas as institucións políticas e sociais, para loitar contra esta vulneración dos dereitos humanos a nivel global.

No ano 2014, España ratificou o Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica (Convenio de Istambul), que supón o primeiro mecanismo vinculante en Europa para “Protexer ás mulleres contra todas as formas de violencia, e previr, perseguir e eliminar a violencia contra a muller e a violencia doméstica”; e que, por tanto, o devandito Convenio é de obrigado cumprimento.

O artigo 15 da nosa Constitución reconece o dereito á vida e á integridade física e moral, sen que, en ningún caso, ninguén poida ser sometido a tortura nin a penas ou tratos inhumanos ou degradantes. Pola súa banda o artigo 9.2 establece a obrigaón dos poderes públicos de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; e remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

A violencia contra as mulleres é estrutural e histórica. Atópase presente en todos os países e culturas, independente do nivel educativo e a posición social. No que levamos de 2020, foron asasinadas 36 mulleres e 3 menores no noso país.

A violencia contra as mulleres constitúe a vulneración máis estendida dos dereitos humanos no mundo e a súa orixe radica na discriminación que sofren as mulleres respecto dos homes. A violencia machista non ten cabida na sociedade que aspiramos a ser, nin na democracia que queremos consolidar. Eliminala das nosas vidas e protexer ás vítimas non é unha opción, é unha obrigaón. As mulleres teñen dereito a vivir en liberdade e a que as súas vidas non estean en perigo polo mero feito de ser mulleres.

Código do documento	Código do expediente
USG14I0270	USG/2020/156
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3F29 4C58 2Y0R 5L1Y 1D52	

Para iso precisamos do compromiso individual da cidadanía, homes e mulleres, e o compromiso colectivo da sociedade todos os días do ano. A colaboración dos homes desempeña un papel importante no fomento da igualdade de xénero e a eliminación da violencia contra as mulleres.

A violencia machista interpélanos a todos e todas e é a nosa obrigación combatela con todos os medios dispoñibles, empezando polas administracións, cada unha no ámbito das súas competencias. A violencia machista é a primeira causa de morte prematura entre as mulleres, o machismo mata e ten que ser unha cuestión política de primeira orde.

No noso país os últimos anos producíronse avances legislativos moi significativos en materia de loita contra a violencia sobre a muller. Dispoñemos dun marco legislativo a través da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, e contamos desde o ano 2017 cun Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero, aprobado polo Congreso dos Deputados.

Co Real Decreto-lei 9/2018, do 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero puxéronse en marcha o 82% das medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero demostrando así o noso enteiro compromiso coa Igualdade.

Unha sociedade decente esixe avanzar cara a unha sociedade segura e libre de violencia cara ás mulleres, que garanta unha resposta rápida e efectiva ás mulleres que sofren violencia, así como aos seus fillos e fillas, xerando os mecanismos necesarios para conseguilo.

Por todas estas razóns, faise necesario redobrar os esforzos contra a violencia machista, mantela como prioridade política e democrática, illar aos violentos e a quen lles dá cobertura política. Ademais, hai que esixir que se reforce o sistema de protección para as mulleres vítimas e desenvólvanse todos os recursos e medidas que se contemplan no Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero.

Por todo iso, desde os Grupos municipais de Culleredo propoñemos para a súa aprobación polo Pleno os seguintes acordos:

1. Mostrar o noso respecto por todas as mulleres vítimas de violencia, Manifestando a nosa repulsa a todas as formas de violencia cara ás mulleres, o noso compromiso coas vítimas e declarar a este municipio "Tolerancia cero cos maltratadores";
2. Seguir poñendo en valor desde este concello as medidas contidas no Pacto de Estado en materia de violencia de xénero no marco das súas competencias, así como o seu seguimento, co obxectivo de combater a violencia contra as mulleres;
3. Expresar o rexeitamento a calquera posicionamento político que propugne a negación da existencia da violencia de xénero ou rexeite a validez das políticas públicas enfocadas á súa total erradicación;
4. Apoiar ás organizacións e grupos de mulleres e os defensores dos dereitos da muller que actuaron como catalizadores e líderes dos avances legislativos e políticos na última década no que respecta a a evolución e a práctica dos dereitos das mulleres;
5. No marco do reforzo das iniciativas para combater esta secuela, desde este concello comprometémonos a impulsar a aplicación de Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero (modificada pola Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e ou tratamento integral da violencia de xénero), así como as estratexias e plans a nivel autonómicos vixentes, en coordinación con todos os poderes públicos."

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG14I0270	USG/2020/156
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3F29 4C58 2Y0R 5L1Y 1D52	

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción institucional de data 26 de outubro de 2020 transcrita, resultando aprobada por unanimidade dos sres/as concelleiros/as asistentes á sesión polo que devén en acordo nos termos transcritos.

6.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO POPULAR RELATIVA Á SOLICITUDE DE CREACIÓN DUNHA COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN PARA DETERMINAR SE EXISTIU PREVARICACIÓN, ASÍ COMO RESPONSABILIDADES POLÍTICAS E XURÍDICAS, POLO AFUNDIMENTO DA CUBERTA DO PARQUE INFANTIL DAS BRAÑAS.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo político popular presentada no rexistro xeral do Concello en data 26 de outubro de 2020 (entrada 2020/8085) relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos sres/as concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido a Sra. Alcaldesa-presidenta en funcións somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

“MOCION QUE PRESENTA EL GRUPO POPULAR DE CULLEREDO SOLICITANDO LA CREACION DE UNA COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN PARA DETERMINAR SI EXISTIÓ PREVARICACIÓN, ASÍ COMO RESPONSABILIDADES POLÍTICAS Y JURÍDICAS, POR EL HUNDIMIENTO DE LA CUBIERTA DEL PARQUE INFANTIL DE AS BRAÑAS.

El Grupo Municipal Popular de Culleredo, conforme a lo previsto en el artículo 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, desea elevar al Pleno Municipal la siguiente MOCIÓN:

EXPOSICION DE MOTIVOS

El 7 de diciembre del 2019 desde el Gobierno Municipal publicaron la noticia de la entrada en funcionamiento del Parque de As Brañas dentro de su proyecto estrella de cubrición de parques infantiles.

Sus palabras fueron:

“Queremos favorecer a las familias de todo el municipio y por eso continuaremos cubriendo Parques, como este de las Brañas, ya que con estos Proyectos se protege los usos de parques infantiles que son zonas muy utilizadas por los vecinos de nuestro municipio y además, fomentamos la idea de bienestar”

Transcurridos 10 meses desde esta noticia, el 2 de octubre del 2020, la cubierta del parque se vino abajo.

Durante casi un año la obra ha estado acabada pero el parque sin poder ser usado. Estuvo meses sin ser vallado y posteriormente se precintó, pero aun así seguían jugando los niños sin que el concello adoptase más medidas de seguridad.

EL mismo día de la galerna el Concello publicó en redes sociales:

“Este espacio permanecía cerrado al público al no estar recepcionada la obra por parte del Concello. Se abrirá un expediente para depurar las correspondientes responsabilidades”.

También ese mismo día usted nos dejó otra obra de arte de su desgobierno en las redes sociales:

Código do documento	Código do expediente
USG14I0270	USG/2020/156
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3F29 4C58 2Y0R 5L1Y 1D52	

“El gobierno local apuesta por las cubiertas de parques infantiles como idea para incrementar su uso, pero avanza que optará por proyectos donde se prime la funcionalidad y eficacia frente a soluciones de dudosa estética”.

Desde nuestro grupo municipal advertimos que la obra tenía que estar recepcionada dentro del plazo de un mes. Y en el Acta de recepción, de existir deficiencias- que existían, debe de ser 1) recepción desfavorable, 2) debe de ser rechazada y 3) notificada al contratista con los siguientes contenidos:

- Defectos observados.
- Determinación de las instrucciones precisas para subsanarlos
- Determinar un plazo para ello.

Y de no cumplir el citado plazo por parte del contratista, se le concedería otro nuevo plazo, éste improrrogable o bien, en aplicación de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre de contratos del sector público, en su artículo 243, la resolución del contrato:

“Cuando las obras no se hallen en estado de ser recibidas se hará constar así en el Acta y el director de las mismas señalará los defectos observados y detallará las instrucciones precisas fijando un plazo para remediar aquéllos. Si transcurrido dicho plazo, el contratista no lo hubiere efectuado, podrá concedérsele otro nuevo plazo improrrogable o declarar resuelto el contrato”.

Los miembros de la Junta de Gobierno Municipal tienen un grave problema por no haber actuado en los términos que establece la legislación aplicable al respecto.

- Puede existir prevaricación como consecuencia de la omisión de acción del gobierno en la resolución del contrato con la empresa adjudicataria de las obras a consecuencia de los desperfectos existentes y que durante un año no se obligaron a subsanar.
- Debe existir un Acta de recepción desfavorable. Y no la hay o ustedes, mienten.
- Existe la obligación de notificar al contratista los motivos de la recepción desfavorable en base a la normativa IGAE decimoséptimo 2.3) y no se ha hecho.
- Se tenía que haber ordenado al contratista un plazo para la subsanación de los defectos detectados en el Acta de recepción desfavorable y no se ha hecho.
- Se podía haber dado un segundo plazo improrrogable para ello, y no se ha hecho.
- Se tenía que haber resuelto el contrato, arreglar los desperfectos y no se ha hecho.

Por todo lo expuesto, el Grupo Municipal Popular propone al Pleno la adopción del siguiente

ACUERDO:

Solicitamos la creación de una Comisión de Investigación para, con independencia de los resultados de sus “Expediente”, conocer los siguientes puntos que no están claros y guardan relación con su inacción.

Confiemos que no se haya producido una recepción tácita- que las hay, en base a la doctrina de los hechos concluyentes que reconoce nuestra jurisprudencia.

Desde el Partido Popular queremos conocer los siguientes puntos:

1. Por qué se llegó a aprobar un proyecto megalómano con un presupuesto de 77.025,95, sin IVA, insuficiente para su ejecución.

Código do documento	Código do expediente
USG14I0270	USG/2020/156
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3F29 4C58 2Y0R 5L1Y 1D52	

2. Por qué se adjudicó con una baja de un 30% del presupuesto total, por 53.278,85.- euros. proyectos pocos funcionales y eficaces que únicamente responden a una dudosa estética.
3. Por qué no se tomaron en consideración los reparos de la Secretaria Municipal y se adjudicó el contrato con esa baja.
4. Cuántas certificaciones de obra se emitieron y por qué importes.
5. Cuántas certificaciones de obra se han abonado y por qué importe total.
6. Se presentó por la empresa adjudicataria propuesta de modificación o cualquier tipo de expediente administrativo y cuándo.
7. Se solicitó por la empresa contratista solicitud de recepción de la obra. Se contestó por el Concello.
8. Existe certificación final de obra. De existir, de qué fecha y si fue abonada.
9. Por qué no llegó a existir Acta de recepción desfavorable de la obra.
10. Por qué no se resolvió la obra, tal como establece la ley, en los términos que hemos transcrito.

Todas esas y cuántas cuestiones están relacionadas: cuándo y por qué no se valló el parque infantil desde un principio, estando meses sin hacerlo; por qué, aún estando precintado el parque, seguían jugando niños sin que el Concello hubiera adoptado más medidas; qué importe alcanza el aval; a qué importe ascienden los trabajos realizados por distintas empresas tras el hundimiento; existen vínculos de la empresa contratista con ex concejales de este municipio.”

C.I.F. P-1503100-H

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que .todo o que se faga por esclarecer como pode rematar un gasto de ducias de miles de euros, da forma que rematou, conta co seu apoio e que esta proposta é complementaria da que defenderá o grupo político BNG no punto número 9, relativo a depuración de responsabilidades que, de prosperar, sería un gran punto de partida para o traballo da comisión que propón o grupo político popular, anunciando que polos motivos expostos o seu grupo votará a favor desta moción.

De seguido solicita o uso da palabra a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di que todas as cuestións que a Sra. García Gorostizu di que quere coñecer están nos expedientes de contratación e de execución da obra e lle di que se para ela un proxecto de 77.025,95 euros o considera un proxecto megalómano, como podería considerar a obra da cidade da cultura e se a compararía por exemplo coas pirámides de Exipto; que a voceira do grupo político Popular di que o orzamento é insuficiente para a súa execución e que, non sendo técnica na materia, considera que a Sra. García Gorostizu tampouco o é pero o redactor do proxecto si que o é e é el quen determina o orzamento de execución material, que non é nin máis nin menos que o que se saca a licitación e que o orzamento adxudicouse á oferta economicamente máis vantaxosa que a criterio técnico xustifica debidamente a súa oferta; que prevaricar, unha palabra que o grupo político Popular emprega con lixeireza na súa moción, sería non adxudicar unha obra á oferta que, de acordo cos criterios establecidos nos pregos, presenta a oferta de menor contía pedíndolle á Sra. García Gorostizu que cando lea as actas das mesas de contratación as lea enteiras ou polo menos as frases precedentes e posteriores; que a moción fala de que non se tomaron en consideración os reparos da Secretaria municipal e que o contrato se adxudicou coa baixa que refire e o que a Secretaria indica é que deben revisarse os orzamentos das obras xa que se despois se adxudican con baixas porcentualmente elevadas entende que é porque os prezos son demasiado altos non que non se poidan adxudicar á oferta máis vantaxosa.

Código do documento	Código do expediente
USG14I0270	USG/2020/156
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3F29 4C58 2Y0R 5L1Y 1D52	

Continúa a súa intervención a Sra. Iglesias Becerra e di que foi emitida unha única certificación, quedando pendente de certificar a execución dunhas poucas unidades de obra, que é a certificación número 1, por traballos realizados entre o 14 de maio e o 30 de setembro de 2019, sendo o seu importe, a prezo de adjudicación, de 59.802,19 euros, quedando pendentes de execución nese momento 4.665,22 euros; que se aboou unicamente a dita certificación, que é a única emitida, non constando que se presentara polo contratista ningunha proposta de modificación do contrato e que, como xa dixó, non se certificou a execución total da obra, motivo polo cal non sería posible recibir a obra que nin se recibiu nin o contratista solicitou tal recepción; que como todos saben, a certificación final emítese tras a recepción da obra e non consta que se certificase a totalidade da execución da obra; que o grupo político Popular chega ás súas propias conclusións e despois diso pretende dicir que todo está mal feito, solicitándolle que deixe que se instrúa o expediente, que se aclare o sucedido para despois poder falar do que se fixo e do que se debería facer, sen adiantar tempos pois a tramitación dos expedientes ten o seu procedemento, a súa forma e os seus tempos, pedíndolle que deixe que o grupo de goberno siga estes pasos e cando se chegue a unha conclusión, se fale sobre todo o que se teña que falar.

Segue a súa intervención a Sra. Iglesias Becerra e di que o grupo político Popular non quere saber que pasou nin por que e que soamente queren que o equipo de goberno sexa o responsable, solicitándolle que primeiro permita que se analice a cuestión e despois xa chegará a hora de determinar responsabilidades.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que ten na sesión un extracto da rede social do Concello na que hai unha entrada do Concello de Culleredo que di que a obra non está recepcionada nin abonada, invitando ao equipo de goberno a emendalo se é así porque todavía están a tempo preguntando se o dixeron só para saír do paso e que o equipo de goberno tamén comete erros de bulto pois dicir que a obra non está nin recepcionada nin abonada cando está abonada nun 90% non se corresponde coa realidade.

De seguido solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, dirixíndose á Señora Iglesias Becerra, di que non hai espectáculo máis terrible que a ignorancia en acción e que non sabe por que pero venlle esta frase á cabeza despois de oír o que a dita concelleira dixó na súa intervención, e di que é un desgobierno total pois o Concello contaba cun parque infantil e de repente vén unha galerna e tira coa cuberta e xa non se ten parque, nin cuberto, nin descuberto; que a Sra. Iglesias Becerra falou tamén de prevaricación preguntando cando prevarica un alcalde pois está claro que unha mera ilegalidade non supón unha arbitrariedade, e pregunta cando entón unha resolución contraria á dereito é arbitraria e se o é por ausencia de motivación, por incumprimento do procedemento, por falta de competencia, dicindo que hai prevaricación cando a ilegalidade é evidente, patente, flagrante, clamorosa, grosera e esperpéntica, e na adjudicación de contratos públicos unha ilegalidade grave si é suficiente para considerala prevaricación, non entendendo como se o equipo de goberno está tan seguro de facer todo tan ben, por que teñen tanto medo de que se cre unha comisión de investigación, solicitando que se deixe que por parte de todos os grupos se faga unha comisión de investigación e que aí se ditaminará que é o que pasa e se hai ou non responsabilidade, porque ela recorda como noutra ocasión caeu unha rúa nas Brañas na campaña municipal do ano 2007 e o alcalde actual pedía a dimisión e responsabilidades políticas do anterior alcalde, insistindo en solicitar que se o equipo de goberno non ten nada que temer non diga que non á comisión solicitada.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira do grupo político PsdeG-PSOE, Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, diríxese ao Sr. Chocío Garrido e lle di que considera que dixó moi claro que a obra non se recibiu, a obra non se recepcionou e soamente está asinada e abonada a primeira certificación da obra, non a totalidade da obra, co que queda contestada esta pregunta e que a oposición lle pode dar as voltas que queira pero a realidade é esa; que en canto á prevaricación mencionada nas intervencións do grupo político popular considera que se usa esa palabra con moita lixeireza pois prevaricación é un delito que está establecido no Código Penal e a súa existencia ou non debe determinarse a través dun procedemento e non se pode dicir á lixeira que unha persoa

Código do documento	Código do expediente
USG14I0270	USG/2020/156
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3F29 4C58 2Y0R 5L1Y 1D52	

prevarica, considerando que quen o fai se está excedendo; que é certo que a Sra. García Gorostizu presenta moitos escritos no Concello con esa literatura e esa lixeiriza, acusando ao equipo de goberno de cometer delitos que non son certos e, en calquera caso, se o foran, tería que acudir aos tribunais e probalos, rematando a súa intervención dicindo que o equipo de goberno non ten medo a que se investigue nada e que o que ten a Sra. García Gorostizu é moita cara e pouca vergonza.

De seguido fai uso da palabra a Sra. Alcaldesa-presidenta e di que o equipo de goberno é o máximo interesado en aclarar o que aconteceu e por iso se está a tramitar un expediente de depuración de responsabilidades que será informado polos órganos colexiados que existen para facer este tipo de información e que ela considera que si queda acreditado que si había ese director de obra que era unha das cousas que se preguntaba, hai unha certificación de obra que si estaba xustificada e que hai ese informe do técnico municipal no que se refire a conveniencia da cantidade pola que se certificou.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político Popular, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: nove (9), dos/as Sres/as: García Gorostizu, Rico Vereas, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: once (11), dos/as Sres./as: Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández e Seijas González.

Abstencións: ningunha

Á vista do resultado da votación, a moción do grupo político Popular non resulta aprobada.

C.I.F. P-1503100-H

7.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO POPULAR INSTANDO AO CONCELLO DE CULLEREDO A UN PLAN DE AXUDA E DINAMIZACIÓN DO COMERCIO LOCAL.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo político popular presentada no rexistro xeral do Concello en data 26 de outubro de 2020 (entrada 2020/8085), relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos sres/as concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

“MOCION QUE PRESENTA EL GRUPO POPULAR DE CULLEREDO INSTANDO AL CONCELLO DE CULLEREDO A UN PLAN DE AYUDA Y DINAMIZACIÓN DEL COMERCIO LOCAL.

El Grupo Municipal Popular de Culleredo, conforme a lo previsto en el artículo 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, desea elevar al Pleno Municipal la siguiente **MOCIÓN:**

EXPOSICION DE MOTIVOS

La situación actual de pandemia está agravando la situación en la que vive el pequeño comercio de Culleredo, que nunca ha tenido un Plan específico de apoyo desde el gobierno local de Culleredo.

Código do documento	Código do expediente
USG14I0270	USG/2020/156
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3F29 4C58 2Y0R 5L1Y 1D52	

Los efectos económicos de la pandemia en la economía global del Estado, y en particular en nuestro ayuntamiento puede provocar un cierre generalizado del comercio de proximidad, que en su mayoría son pequeñas empresas y autónomos que además viven en nuestro ayuntamiento, y si tienen algún trabajador también suele ser residente del mismo.

Es por ello que es necesario el apoyo al tejido comercial de nuestro municipio a través de un plan integral que se apoye sobre diferentes ejes de actuación:

- Ayudas directas al comercio para el pago de los alquileres de los locales y los seguros sociales.
- Bonos para compras en el comercio local, por ejemplo de 10€ que pone el Concello por compras iguales o superiores a 30€
- Programa de consultoría de tiendas a examen, con un servicio de consultoría personalizada in situ que ayude a resolver las dificultades con las que se encuentran los establecimientos de comercio para mantener su negocio.
- Plan de ayudas a fondo perdido para la renovación y modernización del comercio local, inclusión de nuevas tecnologías, cambios de rótulos e imagen del negocio.
- Ayudas directas al comercio local para la implantación de tiendas virtuales de su comercio que suponga incrementar su cliente objetivo más allá del territorio de proximidad, apoyando el crecimiento del comercio local, y fijando población.

Son muchos los vecinos de nuestro ayuntamiento que viven del comercio local y de proximidad. Ellos necesitan nuestro apoyo para continuar con su actividad. Pero, además, este Ayuntamiento y sus vecinos también necesitamos del comercio de proximidad que es fundamental para la humanización y el desarrollo de la vida local en nuestro Concello, para fijar la población, para que nuestros vecinos puedan vivir en y de nuestro entorno, y crear empleo.

Para el desarrollo de los diferentes ejes de este Plan, el Ayuntamiento debe sacar a licitación pública su desarrollo y ejecución, publicando toda la información en la Plataforma de Contratación del Estado, y adjudicándose con criterios objetivos y de eficiencia, pero también de proximidad, donde puedan concurrir las empresas locales con criterios de transparencia e igualdad.

Por estas razones, y haciendo un llamamiento a todos los representantes públicos de esta Corporación y a su sentido del deber y de la responsabilidad, el Grupo Municipal Popular insta al Pleno de la Corporación, la adopción de los siguientes:

ACUERDOS

Instar al Gobierno local de Culleredo,

1. Proceda con la mayor brevedad posible a la dotación económica y publicación de un plan de ayudas y recuperación del comercio local.”

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político BNG, Sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido, di que o seu grupo vai apoiar esta iniciativa xa que moitos deles teñen remitido ao Concello desde o inicio da pandemia iniciativas e propostas co sentido de apoiar aos traballadores autónomos e ás microempresas do Concello de Culleredo aínda que, ao seu parecer, faltaría concretar un pouco máis o plan proposto polos compañeiros do grupo político Popular xa que caberían certas dúbidas sobre a capacidade competencial do Concello para propoñer unha campaña deste tipo e que lle gustaría que saíse adiante; que queren recordar que hai un acordo coa Deputación da Coruña, un Pel Reactiva, co que o Concello poñerá a disposición de traballadores e traballadoras, microempresas que se viron afectadas pola crise da Covid, 497.765 euros, agardando do Concello que se lle dea a este Plan a publicidade xa que o propio Concello se compromete a participar desta convocatoria e que se coñece o Plan e as bases que o rexen e a documentación que as empresas e os traballadores autónomos teñen que presentar desde mediados de agosto sen que se fixese aínda ningunha comunicación ao respecto para difundir a documentación que deberán presentar as empresas para poder adherirse a este plan, coñecido xa desde o mes

Código do documento	Código do expediente
USG14I0270	USG/2020/156
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3F29 4C58 2Y0R 5L1Y 1D52	

de agosto e sobre o que as empresas seguen agardando coñecer de mans do Concello de Culleredo; que o día 28 de outubro de 2020 publicouse a difusión dos fondos entre os concellos por parte da Deputación, habendo cinco días hábiles para presentar unhas bases que xa están publicadas e recollidas na convocatoria inicial do mes de agosto, agardando que non se pretenda agora afogar ás empresas, empresarios e traballadores autónomos con toda a recollida de documentación que teñen que presentar e que poñan en marcha esa campaña de publicidade desta convocatoria o antes posible, agardando que non quede nin un só euro sen repartir por culpa de que algún non poida reunir a documentación requirida por falta de publicidade.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira do grupo político PSdeG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes quen, unha vez concedido, di que lle alegra ver esta moción porque cre que é a primeira vez que o grupo político popular preocúpase polo comercio local en Culleredo; que como todos saben a mediados do mes de marzo decretouse un estado de alarma que impediu que moitas das actividades que se tiñan programadas da área de Dinamización Local se viran suspendidas polas medidas que se adoptaron, pero aínda así a dita área non deixou de traballar co comercio nin coas empresas e autónomos do Concello de Culleredo, e pasa a relacionar algunhas das actividades feitas sobre este tema:

- Elaboráronse e enviáronse boletíns informativos e actualizados coas medidas que se foron adoptando en cada momento para que estiveran informados do que tiñan que facer.
- Atendéronse consultas telefónicas e vía correo electrónico e implementáronse medidas de seguridade, informando de ertes, financiamentos ICO.
- Realizáronse chamadas a máis de 300 locais para tomar datos actualizados e poder implementar un directorio web de comercio local.
- Entregáronse EPIs a todo o comercio local de Culleredo.
- Diseñouse e elaborouse unha campaña de paneis en todo o municipio para fomentar a compra e o consumo no comercio local.
- Fixéronse campañas de sensibilización de medidas sanitarias na hostelería.
- Contactouse co comercio local para posibles datas dunha feira de oportunidades.
- Impulsouse un curso de reciclaxe profesional e novos canais de venda e TIC do comercio.

C.I.F. P-1503100-H

Continúa a súa intervención a señora Figueroa Fuentes e di que estas medidas adoptáronse durante a pandemia e que a día de hoxe estase a traballar e tratando de implementar, tal como vén de comentar o concelleiro do BNG, o PEL, ao que o Concello de Culleredo solicitou adherirse, que está en torno ao medio millón de euros, dos que a Deputación pon o 80% e o Concello do 20%, e desde a área de Dinamización se está a traballar para darlle publicidade, fomentar e canalizar todas esas axudas; que se está preparando unha campaña de animación para Nadal, cun concurso de escaparatismo, campaña de sorteo de tarxetas ao consumo para mercar no comercio local, e unha campaña de posta en valor do comercio local en tempos de crise, considerando que o PSOE de Culleredo e o equipo de goberno actual nunca deixou de preocuparse polo comercio local e aínda que moitas accións víronse aprazadas pola crise sanitaria, os empresarios e comerciantes de Culleredo en todo momento tiveron un teléfono ao que chamar, no que consultar, unha páxina web á que acceder, un correo electrónico, e sempre tiveron contestación; que agora estase traballando en todo o que se comentou e que cre que o PEL é algo moi positivo para o comercio de Culleredo e anuncia que non votarán a moción a favor porque recolle o que xa se está implementando e en menor cantidade do que xa hai, agradecendo de todas formas a preocupación do PP de Culleredo polo comercio local pois nunca é tarde.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que todo o que di a Sra. Figueroa Fuentes que se fixo é o que xa se viu en redes que se fixo, é dicir, unha campaña de sensibilización cunhas infografías en internet e unhas vallas publicitarias de hostelería e os kits que se repartiron, e pregunta se o equipo de goberno pensa que se pode sacar peito co que fixeron,

Código do documento	Código do expediente
USG14I0270	USG/2020/156
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3F29 4C58 2Y0R 5L1Y 1D52	

preguntando se pensan que iso é suficiente, pois podería falar do Concello de Arteixo pero non o vai facer porque está gobernado polo seu mesmo grupo político, pero indo aínda máis cerca, pódese falar do Concello de Cambre, onde a maiores do PEL, manteñen o programa Cambre Emprende, un programa de axuda a novos emprendedores que este ano estendeuse a aquelas empresas que, aínda non sendo emprendedoras, víronse afectadas pola crise, destinando 200.000 euros ao pequeno comercio, a maiores do PEL; sendo outro concello a poñer de exemplo o de Sada, máis pequeno que o de Culleredo, que sacou unha axuda cunha partida de 800.000 euros a maiores do PEL, dando 750 euros por autónomo máis 250 euros por empregado cun máximo de 1.500 euros por empresa, polo que o que solicita o grupo político popular é que non se limite só ao PEL senón que desde o goberno municipal se apoie dunha maneira máis clara e contundente ao comercio local de Culleredo.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político Popular, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: nove (9), dos/as Sres/as: García Gorostizu, Rico Vereá, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: once (11), dos/as Sres./as: Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández e Seijas González.

Abstencións: ningunha

Á vista do resultado da votación, a moción do grupo político Popular non resulta aprobada.

C.I.F. P-1503100-H

8.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO ALTERNATIVA DOS VECIÑOS DE CULLEREDO RELATIVA Á SOLICITUDE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DA CESIÓN GRATUÍTA AO CONCELLO DE CULLEREDO, E EN PROPIEDAD, DOS TERREOS DO "MONTE COSTA".

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo político Alternativa dos Veciños, de data 22 de outubro de 2020, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos sres/as concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

“O Grupo Municipal ALTERNATIVA DOS VECIÑOS de Culleredo, ao abeiro do disposto no vixente Regulamento Orgánico Municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como xa solicitou ALTERNATIVA DOS VECIÑOS de Culleredo a través dunha moción presentada no Pleno de marzo do 2018, novamente volvemos a propoñer o cambio de titularidade dos terreos do “Monte Costa” a favor do Concello de Culleredo. (rexeitados nese momento polo Goberno Municipal)

A Deputación Provincial da Coruña é propietaria dunha parcela de 267.434 m2 sita na Parroquia de Culleredo, preto do Concello, coñecida como “Monte Costa”. Parte destes terreos foron cedidos en uso o Concello de Culleredo, uso que nunca se aproveitou e que no seu día converteuse nun vertedoiro de cascallos e residuos de todo tipo.

Código do documento	Código do expediente
USG14I0270	USG/2020/156
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3F29 4C58 2Y0R 5L1Y 1D52	

O motivo do rexeitamento que esgrimiu naquel entón a Corporación Municipal para non apoiar a proposta feita dente ALTERNATIVA DOS VECIÑOS de instar o cambio de titularidade de ditos terreos a favor do Concello, non foi outra mais que, ademais de rexeitar unha proposta realizada por este Grupo Municipal, a de pretender xustificar que asumir dita titularidade supuña un coste para o Concello que tería que ser asumido pola propia Deputación.

O "Monte Coste" e sen dúbida o espazo ideal para a creación dun espazo natural que poida albergar tanto instalacións deportivas, coma culturais e recreativas que revitalicen o valor do propio Concello de Culleredo.

Os veciños do noso municipio teñen dereito a que esta zona de titularidade pública sexa aproveitada de xeito sostible a nivel medioambiental e para fins que redunden en beneficio de toda a veciñanza.

A día de hoxe ditos terreos continúan en mans da Deputación da Coruña, cheos de maleza, e sen ningún uso determinado por parte do Concello.

Por todo elo, dende ALTERNATIVA DOS VECIÑOS de Culleredo, sometemos a aprobación do Pleno Municipal o seguinte ACORDO:

Que solicite a Deputación Provincial da Coruña a cesión gratuíta ao Concello de Culleredo, e en propiedade, dos terreos do "Monte Costa", situados na Parroquia do mesmo nome, para destinalos a fins públicos, naturais, deportivos e culturais."

C.I.F. P-1503100-H

Iniciada a quenda da intervencións, solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que ao seu grupo nada lle agrada máis que incrementar o patrimonio municipal, e en particular o patrimonio natural e de lecer, pero a proposta presentada polo grupo político Alternativa dos Veciños hai que analizala con coidado e o primeiro que se necesita concretar é de que terreos fala a proposta que se presenta porque todos se refiren habitualmente como Monte Costa ao espazo, e pide permiso para chamarlle "ao cráter", que quedou ben perto da casa do concello segundo se pasa a rotonda que hai nos Confurcos pero, según ten entendido, e indica que seguramente na sesión que se está a celebrar, haberá quen poida corrixilo ou reafirmalo, os terreos da Deputación son tamén os que hai á outra beira da rotonda, o que se coñece popularmente como A Garrocha e que está nestes momentos pendente de liquidación da antiga concesión que se rescindiu despois do traballo do BNG por esclarecer que pasaba con esta concesión, e que rematou co rescate, cun informe de débedas de 326.000 euros, e unha liquidación pendente aínda a día de hoxe cando xa hai máis dun ano que se falaba que había que facela nun mes; que a día de hoxe non se sabe canto perdeu o Concello nesa concesión e é necesario lembrar tamén que esa cuestión está no Xulgado cunha denuncia da fiscalía por posible prevaricación despois de que o BNG puxera os feitos en coñecemento do Ministerio Fiscal; que polo tanto non entende como o grupo municipal Alternativa dos Veciños poden propoñer isto pois na súa propia exposición de motivos hai referencias a que nese espazo houbo un vertedoiro incontrolado e ao BNG non lle consta que o que alí había fora eliminado senón máis ben os comentarios que escoitan son sobre que alí segue sepultado o que se enterrou hai anos; que a maiores, ese espazo foi canteira para o Aeroporto e non foi feita a restitución ambiental establecida por lei para cando se remata a explotación dunha canteira polo que, de recibir eses terreos, o Concello estaría asumindo esa restitución en un punto anterior o Concello vén de facer se cargo do mantemento dos terreos da Cross sen saber o custo que vai ter para Culleredo e neste caso pasa o mesmo, seguen a facerse propostas sen documentaladas suficientemente; que en todo caso, o que procedería sería solicitar da Deputación que demande a restitución da canteira e que reclame ao concello de Culleredo para que reivindique, de quen fixo alí un vertedoiro incontrolado, a restitución de danos e prexuízos e unha vez que isto remate o Concello estaría en condicións de avaliar se eses terreos teñen interese

Código do documento	Código do expediente
USG14I0270	USG/2020/156
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3F29 4C58 2Y0R 5L1Y 1D52	

para proxectos municipais xa que habería que valorar as restricións que poidan ter, as posibilidades, os custos que poderían implicar, etc.; que por todo o exposto o BNG non pode apoiar o que neste punto se propón por isto debería ser a conclusión de todo o traballo previo necesario, amosando ao grupo Alternativa dos Veciños a súa colaboración para traballar nesta liña e unha vez feito solicitar a transferencia deses terreos ao Concello pero neste momento non procede asumir máis cargas porque o Concello xa carga con demasiadas hipotecas de gobernos anteriores e decisións que non foron moi acertadas e pon como exemplo a sentenza sobre a praza de Galicia da que se tivo constancia fai pouco tempo e que obriga ao Concello a cubrir o teito dun aparcadoiro privado e sobre o que a propia sentenza recolle valoracións periciais de centos de miles de euros.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira Sra. Figueroa Fuentes quen, unha vez concedido, di que xa adianta que o seu grupo vai votar en contra do que se propón na moción que se debate neste punto e que non sabe se por primeira vez pero coincide completamente co exposto polo voceiro do grupo político BNG pois o que se propón supón hipotecar aos veciños e as veciñas de Culleredo e iso o goberno municipal non o vai permitir; que unha moción con este mesmo contido xa a trouco o grupo Alternativa dos Veciños hai aproximadamente un ano e medio ou dous e non saiu adiante polo mesmo motivo, porque é inasumible economicamente e suporía unha carga enorme para os orzamentos que impediría realizar proxectos e obras que son necesarias; que se está falando neste momento dun proxecto que feito un estudo sobre el arroxa unhas cantidades de investimento preto dos tres millóns de euros polo que o goberno municipal, que cando vota non se centra en críticas senón que sempre aporta solucións, o que propón é que a Deputación provincial asuma a obra o unha vez acondicionada a zona o goberno municipal non tería ningún inconveniente en solicitar a cesión deses terreos.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, pregúntalle á Sra. Figueroa Fuentes se o goberno municipal lle pediu á Deputación a referida cesión de terreos e di que no ano 2018 xa se trouxo unha moción neste sentido e o goberno municipal comprometeuse a pedir a cesión deses terreos, ou polo menos iso foi o que o seu grupo entendeu.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político Alternativa dos Veciños, de data 22 de outubro de 2020, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: tres (3), dos/as Sres/as: Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: once (11), dos/as Sres./as: Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández e Seijas González.

Abstencións: seis (6), dos/as Sres/as: García Gorostizu, Rico Vereá, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera e Méndez Mosquera,

Á vista do resultado da votación, a moción do grupo Alternativa dos Veciños non resulta aprobada.

9.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO BNG RELATIVA Á INCOACIÓN EXPEDIENTE DE DEPURACIÓN DE RESPONSABILIDADES POLA ROTURA DA ESTRUCTURA DA CUBERTA DO PARQUE DAS BRAÑAS EN FONTECULLER.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo político BNG, de data 26 de outubro de 2020, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos sres/as concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

Código do documento	Código do expediente
USG14I0270	USG/2020/156
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3F29 4C58 2Y0R 5L1Y 1D52	

“Enrique Antón Chouciño Garrido, na súa cualidade de Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego na Corporación do Concello de Culleredo, de acordo coa lexislación en vigor e en nome do Grupo Municipal do BNG de Culleredo, presenta para o seu debate polo Pleno a seguinte

MOCIÓN

O pasado 2 de outubro, a veciñanza de Fonteculler avisaba ao BNG de que a cuberta do Parque das Brañas en Fonteculler, romperá co primeiro temporal do outono. Pouco despois, sabiamos que o Concello decidía desmontar a estrutura. Nin nese momento, nin de aí en diante, o noso grupo municipal tivo noticias oficiais do acontecido como correspondería a unha relación entre órganos da corporación como somos os Grupos Políticos e o Goberno Municipal.

Se o suceso é grave, o feito de non haber comunicación desde os responsables do Goberno Municipal, fan engadir unha preocupación adicional.

Que case un mes despois non haxa unha comunicación do Goberno Municipal sobre que informes se elaboraron, que conclusións se tiraron, como se decidiu desmontar completamente a estrutura, ou quen pagou o desmonte, ou se se depuraron xa responsabilidades e se esixiron aos responsables polas consecuencias, que non teñamos nos grupos políticos nada deso, fai unha vez máis que desde o BNG vexamos unha obra irregular máis na que parece que se queira agochar o que sucedeu. Non é a primeira nin a segunda que denunciámos desde o BNG.

Neste caso, co agravante de que se trataba da cuberta dun parque infantil polo que desde o BNG tiñamos advertido de que o peche perimetral da obra era deficiente e que había rapazada xogando dentro habitualmente; recibindo como resposta do Sr. Alcalde naquel momento que “ a responsabilidade era de quen se metía dentro”.

Hai varias cuestións que inciden na turbiedade da evolución dese proxecto, licitación e execución ata a desmontaxe da estrutura:

- Durante o proceso de licitación, hai unha acta que indica que a Secretaria emitira un informe contrario á tramitación.
- Na relación de documentos do perfil do contratante, non se pode saber quen é o director ou directora de obra.
- A empresa adjudicataria fixera unha oferta temeraria que se aceptou por ofertar facer a obra en 2 meses cando o prazo do proxecto eran 6 meses.
- A entrada en vigor do contrato era o 13 de maio de 2019, a partir de aí contaban os dous meses.
- O 18 de decembro de 2019 unha resolución de alcaldía aproba a certificación pola que se pagan 59.802,19€ dos 64.467,41€ nos que fora adjudicada.
- O contrato establecía penalizacións por demora na entrega. Non nos consta que se lle repercutiran.
- Non nos consta que se teña iniciado o proceso de entrega da obra establecido na Lei de Contratos. Non é a primeira vez que temos que indicar ao Goberno Municipal que se incumple o procedemento establecido legalmente.
- Non nos constan, os informes de certificación do 90% da obra que dan lugar ao pago dos 59.802,19€.
 - Por que en oito meses máis, non se dá executado e entregado o 10% restante da obra?
 - Había indicios de que algo non estaba ben?

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG14I0270	USG/2020/156
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3F29 4C58 2Y0R 5L1Y 1D52	

Todas estas cuestións, e todas aquelas que leven a esclarecer o que pasou, teñen que ser aclaradas. Ten que determinarse que é o que falla para concluír un desenlace como este. Quen son os responsables de que os impostos que pagan os cidadáns rematen dunha forma tan nefasta.

A maiores, lembremos que se trata dunha obra cofinanciada pola Deputación mediante o POS+2018, por tanto, debemos reponder diante de quen está cofinanciando a obra.

Por todo o exposto, propoñemos ao Pleno da Corporación para o seu debate e, se procede, aprobación dos seguintes

ACORDOS

- Incoar expediente de depuración de responsabilidades pola rotura da estrutura de cuberta do Parque das Brañas en Fonteculler.
- Que se dea conta aos voceiros dos grupos dos avances, informes, e todas aquelas cuestións que se vaian coñecendo e que se vaian producindo ao longo da tramitación do expediente anterior.
- Que se dea conta deste acordo á Deputación da Coruña a efectos de que proceda á súa propia determinación de responsabilidades sobre o final desta tramitación e execución dun proxecto cofinanciado mediante o POS+2018."

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira do grupo político PsdeG-PSOE, Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di que non hai nada confuso nin falta de transparencia nin moito menos deshonesto ou dubidoso na execución do proxecto, que non se sabe ben o que quere insinuar o Sr. Chouciño empregando a palabra turbiedade para referirse ao acontecemento coa cuberta das Brañas; que a licitación foi pública e transparente, coas actas do procedemento dispoñibles no perfil do contratante e que, de feito, no perfil de contratante figuran todos os documentos que teñen que figurar de acordo coa lei de contratos; que o director da obra noméase no acordo de adjudicación da obra, e figura na correspondente resolución e no contrato asinado co contratista e se o que quere saber é quen é o director da obra só ten que pedir a resolución, non sendo admisible que porque o Sr. Chouciño non consultase o acordo no que figura quen é o director da obra pretenda concluír que hai turbiedade no expediente.

Continúa a súa intervención a Sra. Iglesias Becerra e di, dirixíndose ao Sr. Chouciño Garrido, que os pregos de cláusulas administrativas da Deputación, que hai que empregar para licitar as obras financiadas pola Deputación no Plan de Obras e Servizos tal como dispón a Lei de contratos, establecen que cando hai máis de catro licitadores nunha obra que se licita co prezo como único criterio de adxudicación, se considerarán en principio como anormalmente baixas aquelas inferiores á media aritmética das ofertas presentadas en máis dun 6,67% da devandita media e ese foi o caso; que para declarar a oferta como anormalmente baixa hai que dar oportunidade á empresa para que explique a mesma e despois, de acordo cos criterios obxectivos establecidos nos pregos, apreciar se a oferta é anormalmente baixa ou se explica adecuadamente que se poderá executar nos prezos ofertados, sucedendo neste caso que a empresa presentou a súa xustificación e se someteu a informe técnico que concluíu que se xustificaba axeitadamente e que podería executar a obra no prezo indicado; que o técnico informante entendeu así en base a que presentaba cartas de compromiso dos subministradores dos materiais necesarios para a execución da obra, xustificando con elo os prezos ofertados do 94,75% do orzamento da obra, e xustificando ademais o contratista que os honorarios do persoal que intervéñen na obra cumpren o establecido no Convenio da construción, que reduce os seus gastos xerais do 13%, fixados no proxecto, ata o 5%, de conformidade co disposto no regulamento da Lei de contratos, e que imputará uns gastos indirectos nun importe menor ó previsto no orzamento do proxecto porque prevé executar a obra no prazo de dous meses; que isto último non significa que se

Código do documento	Código do expediente
USG14I0270	USG/2020/156
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3F29 4C58 2Y0R 5L1Y 1D52	

reducise contractualmente o prazo de execución e lle pide ao Sr. Chouciño que non trate de confundir, pois no contrato asinado segue a ser o establecido no proxecto.

Segue a súa intervención a Sra. Iglesias Becerra e di que o 13 de maio de 2019 se asinou a acta de comprobación do replanteo do proxecto e desde esa data contan os seis meses de prazo de execución establecidos no proxecto e no contrato, aprobándose o plan de seguridade e saúde o 9 de maio de 2019, pois sen ese plan aprobado non se podería dar comezo a execución da obra; que o director da obra, en data 5 de decembro, asinou a certificación da obra número 1, de acordo coa cal entre o 14 de maio de 2019 e o 30 de setembro de 2019 executáronse, a precio de adjudicación 59.802,19 euros, quedando pendentes de execución nese momento 4.665,22 euros; que o 18 de decembro, tras a correspondente tramitación administrativa, apróbase a certificación número 1, a única.

A continuación a Sra. Iglesias Becerra dirixese de novo ao Sr. Chouciño e lle di que a certificación de obra é o documento que emite o director de obra xustificativo da execución das unidades de obra comprendidas nela e que ese é o informe que se precisa para o pagamento da certificación; que o Sr. Chouciño pregunta polas cuestións sobre as que trata o expediente que se está a tramitar e unha vez que o expediente estea concluído poderá ter acceso ao mesmo e se queda algo que necesite aclaración poderá solicitala no seu momento pois o equipo de goberno estará sempre disposto a dar as explicacións necesarias para que nada quede sen aclaración e que o expediente estase a tramitar por quen corresponde, que non é o Pleno, e desa tramitación derivaranse as actuacións que correspondan e que se determinen ao longo da súa tramitación e unha vez que o mesmo estea concluído, poderá accederse ao mesmo e obter todas as explicacións oportunas; que, para rematar, quere dicir que a Deputación é o organismo que financia a obra a través do POS e como tal debe ter coñecemento de todas as actuacións relativas á execución desta obra no seu momento procedimental, correspondéndolle neste momento as actuacións ao Concello de Culleredo como organismo contratante.

C.I.F. P-1503100-H

Seguidamente solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, lle di á Sra. Iglesias Becerra que debe de ser a única persoa de Culleredo que non ve nada que aclarar e lle di a el que debería coñecer a resolución sobre o director de obra, recordándolle unha vez máis que no Concello de Culleredo o que ten dedicación exclusiva e acceso a toda a información dunha forma sinxela e sen prazos é o equipo de goberno que ten acceso a toda a documentación de forma continua pero se el quixera acceder nese momento desde o seu móbil a esa resolución, ou a descargou nos dous días de prazo que van desde a convocatoria da sesión plenaria na que se deu conta dela ata a súa celebración ou non dispón dela e se calquera puidera pensar que a pode descargar porque se pón a súa disposición de forma telemática estaría equivocada pois ten que subir ao Concello para vela presencialmente en papel e esa é a situación que teñen todos os compañeiros da oposición que están na sesión para poder corroboralo; que os concelleiros do PSOE como sempre estiveron no goberno descoñecen esa situación e que acusar de descoñecer unha resolución concreta ten o seu aquel pero non so os concelleiros da oposición deberían ter acceso a esa documentación pois no perfil do contratante que é público a través da web calquera persoa debería poder comprobar a documentación e ver quen é o director da obra e que el o fixo e non o atopou, ofrecéndose a rectificar no caso de equivocarse.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu, e di que o seu grupo tamén buscou ese dato e non foi quen de atopalo.

Retoma a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que agradece o comentario da señora García Gorostizu pois el tamén comete erros e podería ser o caso pero teñen visto demasiadas obras nas que a mesma persoa que xustifica a baixa temeraria é despois o director da obra e a mesma persoa que certifica e recepciona a obra, o que non parece unha secuencia moi lóxica e que ese debe de ser o problema e por iso propoñen un expediente de depuración de responsabilidades, repetindo de novo que a Sra. Iglesias Becerra debe de ser a única persoa que non ve nada que aclarar; que desde o BNG teñen feito reclamacións por varias obras e pon como exemplo a escollera do Río Trabe, que está sen recibir a día de hoxe a pesar de ter transcorrido xa anos e sobre a que o BNG dixo que non se axustaba ao proxecto e o único que se fixo foi non recibila, tema do que xa ten falado en varias comisións das que se poden consultar as actas nas que pediu explicacións e se lle deron ben vagas sen que se lle exixa ao

Código do documento	Código do expediente
USG14I0270	USG/2020/156
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3F29 4C58 2Y0R 5L1Y 1D52	

construtor que desfaga a obra e a faga ben , e pon outro exemplo, como é o pavimento de residencial A Ría, onde se mete pavimento impreso que é moito menos costoso que o que se debería poñer e despois non se recibe a obra.

1342	09/10/2020	Concesión a J.A.P.H. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1075€.	
1343	09/10/2020	Denegación a M.G.C. das axudas para bono de recibo de alugueiro.	
1344	09/10/2020	Concesión a C.B.B. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1075€.	
1345	09/10/2020	Concesión a M.I.A.S. dunha axuda económica para o pago de bono de alimentos tipo C e bono de hixiene tipo B durante o ano 2020.	
1346	09/10/2020	Concesión a H.A.S.G. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1075€.	
1347	09/10/2020	Aprobación organización Proxecto de Formación para a Sostenibilidade Ambiental: plantación e produción de horticultura ecolóxica nos hortos urbanos do Concello de Culleredo, situados no Xardín Botánico Ría do Burgo e en Vila Melania período 2020-2024.	

Código do documento	Código do expediente
USG14I0270	USG/2020/156
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 3F29 4C58 2Y0R 5L1Y 1D52	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 29-10-2020
1348	13/10/2020	Delegación das funcións da alcaldía na primeira tenente de alcalde, D. ^a María Guadalupe Pombo Carril, o día 13 de outubro de 2020 desde as 12.00 horas ata o día 14 de outubro de 2020 ás 23.59 horas.	
1349	13/10/2020	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2020/92. (TERCEIRO: MALASOMBRA PRODUCIÓNS SL - IMPORTE TOTAL: 3.388,00€ e máis).	
1350	16/10/2020	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 19-10-2020.	
1351	16/10/2020	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a L.M.F. do recibo de alugueiro por importe de 350€ correspondente ao mes de abril de 2020.	
1352	16/10/2020	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a T.C.V. do recibo de auga correspondente ao 1º (84,46€) e 2º (87,66€) trimestre de 2020, pago recibo electricidade do 09-06-2020 ao 11-08-2020 (101,28€) e do recibo de gas do 13-08-2020 (100,33€).	
1353	16/10/2020	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a C.E.R.G. do recibo de alugueiro correspondente aos meses de xuño (250€), xullo (250) e parte de agosto (75€) de 2020.	
1354	16/10/2020	Concesión a C.B.C. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
1355	16/10/2020	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a A.B. do recibo de alugueiro dos meses de agosto (150€), setembro (150€) e parte de outubro (25€) de 2020.	
1356	16/10/2020	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.O.R.A. do recibo de alugueiro do mes de maio a agosto (200€/mes) e parte de setembro (169,12€) de 2020.	
1357	16/10/2020	Concesión a D.F.T.M.B. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1075€.	
1358	20/10/2020	Contratación E.L.V., persoal laboral temporal cun contrato de traballo de interinidade a tempo completo, como profesor de música na especialidade de piano ata finalización excedencia por coidado de fillo menor de tres anos autorizada á titular do posto.	

Código do documento	Código do expediente
USG14I0270	USG/2020/156
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 3F29 4C58 2Y0R 5L1Y 1D52	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 29-10-2020
1359	20/10/2020	Aprobación do Padrón Fiscal da taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, correspondente ao exercicio 2020 que consta de 47 recibos por un importe total de 20.328,81€.	
1360	20/10/2020	Aprobación do Padrón Fiscal da taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas da vía pública correspondente ao exercicio 2020, que consta de 276 recibos por un importe total de 177.067,28€.	
1361	20/10/2020	Anulación da liquidación practicada a A.D.S., na rúa Rochela, correspondente ao 3º trimestre de 2020 e aprobación dunha nova, na que os tipos de gravame do terceiro tramo de consumo (>55m3/trimestre) serán os establecidos para o segundo tramo 0,66€/m3.	
1362	20/10/2020	Anulación da liquidación practicada a M.T.B. na rúa Campo, correspondente ao 2º trimestre de 2020 e aprobación dunha nova, na que os tipos de gravame do terceiro tramo de consumo (>55m3/trimestre) serán os establecidos para o segundo tramo 0,66€/m3.	
1363	20/10/2020	Adxudicación da execución do subministro "Renovación de la red municipal de alumbrado con tecnología led y sistema de telegestión en la Avda. Xoan Carlos I" á empresa INSTELEC SL, fixando o prezo en 75.515,37€ IVE engadido.	
1364	20/10/2020	Adxudicación execución subministro "Renovación de la red municipal de alumbrado con tecnología LED y sistema de telegestión en la Avda. da Coruña, Avda. de Galicia, Costa da Lonxa y Alexandre Bóveda" a INSTELEC SL, fixando prezo 70.641,70€, IVE engadido.	
1365	20/10/2020	Exclusión procedemento adxudicación oferta presentada por SERCOVI SL e adxudicación execución obra "Acondicionamiento de polideportiva descubierta en Peiro de Arriba" a IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS SL, fixando o prezo en 58.080,00€, IVE engadido.	
1366	20/10/2020	Adxudicación da execución da obra "Rehabilitación pavimento R/ Pérez de Traba (VP-93)" á empresa CANARGA SL, fixando o prezo en 27.290,00€, IVE engadido.	

Código do documento	Código do expediente
USG14I0270	USG/2020/156
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 3F29 4C58 2Y0R 5L1Y 1D52	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 29-10-2020
1367	20/10/2020	Adxudicación da execución da obra "renovación vias Boedo (VP-578) e Rumbo (VP-501, VP-502 e VP-359)" á empresa CONSTRUCCIONES FRANCISCO GOMEZ Y CIA SL, fixando o prezo en 76.123,00€, IVE engadido.	
1368	20/10/2020	Adxudicación da execución do subministro "Renovación de la red municipal de alumbrado con tecnología led y sistema de telegestión en la Avda. de Acea de Ama" á empresa INSTELEC SL, fixando do prezo en 82.150,60€ IVE engadido.	
1369	20/10/2020	Adxudicación da execución da obra "acondicionamiento polideportiva descubierta paseo marítimo do Burgo" á empresa BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS SL, fixando o prezo en 108.820,70€, IVE engadido.	
1370	20/10/2020	Anulación liquidación practicada M.J.T.M., en Peiro de Arriba, correspondente ao 3º trimestre de 2020 e aprobación dunha nova, na que os tipos de gravame do terceiro tramo de consumo (>55m3/trimestre) serán os establecidos para o segundo tramo 0,66€/m3.	
1371	20/10/2020	Denegación da solicitude J.B.O. para vivenda en Peiro de Arriba, de modificación do tipo de gravame regulado na ordenanza fiscal núm. 14, reguladora da taxa por distribución de auga, xa que o volume facturado non ten a consideración de desproporcionado.	
1372	20/10/2020	Anulación da liquidación practicada a R.P.A., na praza Daniel Rodríguez Castelao, correspondente 3º trimestre 2020 e aprobación dunha nova, na que os tipos de gravame do 3º tramo de consumo (>55m3/trimestre) serán os establecidos para o 2º tramo 0,66€/m3.	
1373	20/10/2020	Concesión a N.Q.L. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
1374	20/10/2020	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2020/94. (TERCEIRO: D.P.F. - IMPORTE TOTAL: 11.175,30€ e máis).	
1375	20/10/2020	Adxudicación da execución da obra "Adecuación del campo de fútbol de Tarrío" á empresa CANARGA SL, fixando o prezo en 261.500,00€, IVE engadido.	

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 29-10-2020
1376	21/10/2020	Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expte 14458/2020 e máis.	
1377	21/10/2020	Concesión ao persoal funcionario e laboral, con cargo ao orzamento xeral, das axudas de Acción Social.	
1378	21/10/2020	Nomeamento T.C.C. persoal eventual para ocupar o posto de asesor técnico, con dedicación exclusiva e coas retribucións correspondentes ao grupo A2, nivel de complemento de destino 22 e complemento específico anual de 195 puntos.	
1379	21/10/2020	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento de gastos e ordenación dos pagos O/2020/95. (TERCEIRO: NEDGIA GALICIA SA - IMPORTE TOTAL: 583,00€ e máis).	
1380	21/10/2020	Aprobación da devolución da cantidade de 250€ ingresada en concepto de taxa por "TASA LICENCIA URBANISTICA LPC MERCADONA" a MERCADONA SA.	
1381	21/10/2020	Persoamento en nome do Concello de Culleredo como codemandado ante o Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 4 da Coruña. PO 134/2020.	
1382	21/10/2020	Persoamento en nome do Concello de Culleredo como demandado ante o Xulgado do Social núm. 6 da Coruña, PROCEDIMIENTO ORDINARIO 576/2020.	

16.- MOCIÓNS URXENTES.

Non se presenta moción ningunha neste punto da orde do día.

17.- ROGOS E PREGUNTAS.

A Presidencia pregunta aos membros da Corporación se queren facer algún rogo ou pregunta, solicitando o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños quen, unha vez concedido, pide a palabra para a súa compañeira de partido dona Sandra Marzoa García.

A continuación a Sra. Marzoa García, facendo uso da palabra concedida, di que tal como anunciaron xa ao comezo da sesión plenaria, desde Alternativa dos Veciños queren solicitar a nulidade dos acordos adoptados no Pleno polos defectos formais na convocatoria do mesmo.

Código do documento	Código do expediente
USG14I0270	USG/2020/156
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3F29 4C58 2Y0R 5L1Y 1D52	

De seguido o Sr. Mourelle Botana solicita o uso da palabra e, unha vez concedido, di que se puxeron en contacto co seu grupo unha serie de veciños polos problemas que teñen á hora de entrar ou saír cos seus vehículos dos seus inmobles porque atopan vehículos obstaculizando as entradas e saídas, preguntando cal é a actuación do Concello neses casos.

Fai uso da palabra a Sra. Alcadesa en funcións e di que lle contestarán no próximo pleno por escrito.

Seguidamente solicita de novo o uso da palabra o Sr. Mourelle Botana e di que no último pleno presentaron unha moción solicitando a cubrición dos patios dos centros rurais e agrupados de Culleredo (os CRAs) e o Sr. Alcalde comprometeuse a facilitar no prazo dun mes o informe que lles ía solicitar aos técnicos do Concello para adoptar unha solución provisional, sen que a data da sesión tiveran información ningunha ao respecto, interesándose tamén polas actuacións que o Concello levou a cabo en relación con instarlle á Xunta o cumprimento do protocolo Covid nos CRA de Culleredo.

Responde a Sra. Alcadesa en funcións que igualmente se lle facilitará resposta por escrito no seguinte pleno.

Retoma a súa intervención o Sr. Mourelle Botana e di que por último quere comentar que ao seu grupo lle chama moito a atención, revisando a dación de conta dos informes de reparo de Intervención, o levantamento do reparo suspensivo emitido pola Intervención xeral e avocación da competencia para adxudicación do deseño e subministro de diferentes carteis de sensibilización cara ao comercio local tanto a nivel xeral como sectorial e a súa instalación en paneis informativos, preguntando canto é o custo desta actuación, sendo o outro reparo que reclamou a súa atención o levantamento do reparo suspensivo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para adxudicación do contrato para execución do servizo denominado cobertura fotográfica e audiovisual de actos e eventos do Concello, preguntando tamén cal é o custo deste contrato e para que é.

Responde a Sra. Alcadesa en funcións que se lle dará tamén resposta sobre o preguntado.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que ten varias cuestións e pensa que todas elas de bastante importancia, pasando a relacionalas a continuación:

- Publicouse hai uns días no Boletín Oficial do Estado a nova pegada sonora do aeroporto de Alvedro cun prazo de corenta e cinco días para presentar alegacións, afectando a unha parte importantísima do Concello de Culleredo, non sabendo as implicacións exactas que supón para os inmobles que están no ámbito da pegada, en cada unha das isozonas, preguntando se o Concello reclamou a Fomento ou a Aena ou a quen corresponda aclaracións polas restricións e a concreción sobre elas que pode supoñer esta nova pegada sonora e sobre a que xa existe pois hai inmobles dentro dese ámbito; que o prazo é de corenta e cinco días e o seu grupo considera que o Concello debería presentar alegacións, non sabendo se o equipo de goberno realizou algunha actuación ao respecto das alegacións para que poidan participar tanto a veciñanza como os grupos da oposición porque ten que ser o goberno municipal o que inicie este procedemento que supón deberá partir coa petición dun informe técnico ao respecto.

Responde a Sra. Alcadesa en funcións e di que non dispón da información que se solicita pero que se lle facilitará a mesma.

- Sobre a praza de Galicia, da que xa falou antes, que se atopa cubrindo un aparcadoiro privado para o que foi vendido polo Concello o uso do subsolo según explica a sentenza e aceptouse o teito dese subsolo como praza de uso público atopándose dita praza nunhas condicións moi deficientes que deu lugar sempre a reclamacións e a unha sentenza que obriga ao Concello de Culleredo a gastar centos de miles de euros en reparar un teito dun garaxe privado; que se lle preguntou á señora Iglesias Becerra se existía xa proxecto para a reforma da praza de Galicia e respondeu que non (intervén neste momento a Sra. Iglesias Becerra e di que o que ela dixo e reitera é que se

Código do documento	Código do expediente
USG14I0270	USG/2020/156
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3F29 4C58 2Y0R 5L1Y 1D52	

estaba facendo); que solicita conste en acta que a señora Iglesias Becerra se reafirma en que se está facendo o dito proxecto porque lle parece importante xa que nos contratos menores que se poden ver no perfil do contratante hai un pago ao arquitecto Blas Tojo do día dous de xullo de dous mil vinte, no expediente UCP/2020/89 correspondente á redacción do proxecto Renovación da Praza de Galicia. Culleredo, por importe de 18.000 euros, non entendendo que se se está facendo estea xa pagado, polo que solicita aclaración da Sra. Iglesias Becerra sobre o que está pasando con este tema pois ao seu entender na Administración non hai pagos por anticipado.

Responde a Sra. Iglesias Becerra dicindo que se lle contestará por escrito.

- En relación coa sentenza do contencioso-administrativo respecto do Centro Loxístico de Ledoño, di que a Señora Iglesias Becerra insistiu noutra ocasión varias veces en que a sentenza non era firme e que non lle estraña que se insista niso porque é unha cuestión de moita enxundia no que o goberno municipal terá que explicar que pasou aí e pasa a ler un texto da dita sentenza que di que o Xulgado do contencioso-administrativo número 2 da Coruña, P.O. 123/2017, interposto por Obralar contra o Concello de Culleredo sobre contratación administrativa, centro loxístico de transportes, no que o fallo di que estimando o recurso contencioso administrativo interposto polo letrado representante de Obralar fronte ao acordo de liquidación do contrato de construción e explotación do Centro Loxístico de Culleredo aprobado polo Pleno do Concello de Culleredo no mes de marzo de 2017, revocando dita resolución debendo procederse á unha nova liquidación conforme á valoración do edificio administrativo, os locais destinados no edificio de cafetería, restaurante, a edificio de acogida, aseos, vestuarios, duchas, espazos de esparcemento e reunión, aparcamento de pesados, basura pública, atendendo aos valores no INB dos bens incorporados ao mesmo, así comolos conceptos referidos á obra non executada ou deficientemente executada, os gastos de conservación non realizados e o deterioro, pero referido sempre aos bens obxecto de reversión, sEn costas.

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que o seu grupo ten pregungado en múltiples ocasións por este tema e sempre se lle dixo que interrompía a toma de posesión do centro loxístico, que está pendente a día de hoxe.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira señora Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di que son dous procesos diferentes pois esta sentenza o que está a facer é a liquidación tras oo contrato do CLT con Obralar e esta sentenza que moi ben vén de ler o Sr. Chouciño estimou que se debe facer unha nova liquidación tomando en consideración soamente os bens que indica, indicando que a administración concursal tería moitos máis, e algúns que están no inventario co seu valor de inventario, crendo que a día de hoxe a sentenza non é firme; que hai outro procedemento para recuperar a posesión tras separar os bens da masa concursal e recuperar a posesión pero aínda non se celebrou esta.

Pregunta o Sr. Chouciño se o equipo de goberno ten pensado recorrer esta sentenza.

Responde a Sra. Iglesias Becerra e lle di ao Sr. Chouciño Garrido que deixe que pase o prazo e xa lle dirá o que se fixo.

O Sr. Chouciño Garrido di que na sesión hai xente do ámbito xurídico que pode dicir o prazo que hai para recurrir e que na propia sentenza xa se indica que cabe recurso de apelación ante o mesmo xulgado no prazo de quince días e a sentenza é de 29 de setembro polo que considera que xa non corresponde preguntar se se vai recurrir senón que o que corresponde é dicir que non se recurriu pois xa non se está en prazo.

Código do documento	Código do expediente
USG14I0270	USG/2020/156
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3F29 4C58 2Y0R 5L1Y 1D52	

Responde a Sra. Iglesias Becerra e di que os prazos son desde que se notifica a sentenza, non desde que se dita pero de todas formas a día de hoxe o goberno municipal non recurriu dita sentenza.

Fai uso da palabra o concelleiro do grupo político Popular, Sr. Prieto García e di que non se tarda tanto en notificar unha sentenza desde que se dita.

A señora alcaldesa en funcións fai uso da palabra a lle di ao Sr. Prieto García que mantéña a orde do pleno e que agarde ao seu turno de palabra para falar o que estime oportuno.

Retoma a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que agradece o comentario feito polo Sr. Prieto García que aporta a todos coñecemento sobre o tema e pregunta polo tema do outro pleito sobre a toma de posesión da que xa preguntou o Sr. Prieto García noutra ocasión referíndose á acción de impulso do xuízo sobre esta cuestión.

Di que sobre o pagamento da pista de skate, hai unha resolución no listado de resolucións da Alcaldía das que se dá conta na sesión que recolle ese pagamento da pista de skate en Fonteculler e que o seu grupo xa ten comentado que esa pista está feita polvo e que a garantía era dun ano, non sabendo desde cando empeza a contar, e que xa solicitaron que o goberno municipal se preocupara por este tema e parece que en vez de preocuparse o que se fai é un pago por esa obra que está destrozada e non polo uso, supoñendo que os materiais que se utilizaron e a técnica empregada para usalos aguantarían máis dun ano polo que solicita que se proceda a revisar esa obra e se todavía hai posibilidade, que se deteña o dito pago.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político Popular, Sr. Prieto García quen, unha vez concedido, di que fai pouco recibiu a notificación dunha sentenza con catro días de diferenza respecto do día en que se ditou e lle pregunta á señora Iglesias Becerra en relación coa sentenza referida hai dous parágrafos se ela non ten constancia da dita notificación porque o prazo para o recurso comeza desde o día en que se recibe a correspondente notificación.

Continúa a súa intervención e di que a Sra. Iglesias Becerra fala da transparencia do goberno municipal recordando que el solicitou por activa e por pasiva, en persoa, na mesma porta do responsable, as facturas correspondentes aos reparos presentados pola interventora e pola secretaria en relación a gastos protocolarios do alcalde, cre recordar que por importe de 11.000 euros, pedíndose por correo, por escritos ao Concello, obtendo evasivas por respostas, que se lle había que preguntar ao concelleiro, que se lle había que preguntar á secretaria, pediuse na comisión e a señora concelleira asegurou que llos ían facilitar, na comisión de decembro, na comisión de agosto, na comisión de xullo, no pleno cre que de xuño, preguntando agora á señora concelleira ou á señora alcaldesa en funcións se lle van dar traslado á oposición deses reparos en aras da tan denotada transparencia.

Segue a súa intervención o Sr. Prieto García e di que o grupo político Popular presentou recurso de reposición ante a decisión do Pleno de aprobación da modificación da RPT e, aínda que o goberno municipal dedicouse nas redes sociais a intentar trastocar o fondo, non é máis que un acto escuro para sacar adiante o Plan xeral que a día de hoxe segue sen aprobar a pesar de terse comprometido a telo aprobado antes de que rematase o ano 2020; que a Sra. Iglesias Becerra é a concelleira de Urbanismo e polo tanto supón que terá man neste tema e ao seu carón está a concelleira responsable de Persoal e que a dita modificación contaba con reparos, con informes negativos da Secretaria, do arquitecto, de todo o corpo funcional, e aínda non se obtivo resposta á presentación do recurso parecendo que se está esperando a que venza o prazo e se vai dar por respondido por silencio administrativo, advertindo que se vai levar ao xulgado do contencioso-administrativo para que o xuíz decida, e el cre que vai decidir declarar nula a modificación da RPT pola falta de motivación, preguntándolle á Sra. Iglesias Becerra e á súa compañeira Sra. Figueroa Fuentes, concelleira de Seguridade Cidadá e Persoal, se van dimitir no caso de que se declare nulo dito procedemento porque se están tan seguras do seu traballo e cobrando tres mil euros ao mes de todos os veciños; que cando se presentou o recurso solicitouse a suspensión provisional e vaise pedir tamén como medida cautelar que se deteña esa contratación para que non se consiga poñer un xefe de área por riba dun xefe de

Código do documento	Código do expediente
USG14I0270	USG/2020/156
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3F29 4C58 2Y0R 5L1Y 1D52	

servizo cunha única persoa por debaixo que é o arquitecto porque parece que non lles gusta o que informa ao igual que pasa coa Secretaría municipal que cando non interesa o que di acoden á Deputación provincial a ver se informa algo que lles guste máis; que lle gustaría saber se van responder ao recurso, que está presentado en tempo e forma, ou se van esperar a que venza o prazo, e se van dimitir no caso de que o xulgado decida que é un procedemento nulo.

Continúa o sr. Prieto García e di que o grupo político Popular segue insistindo coas facturas reparadas, nove millóns de euros o ano pasado, dous millóns en 2018, e pregunta se os concelleiros afectados están meditando a decisión de abandonar o goberno porque aquí non se trata de que os da banda teñan que tocar ata o final e teñen que darse conta de que existe responsabilidade penal e obriga de denuncia en caso de coñecemento, preguntando se ningún membro da Corporación coñece as irregularidades da mesma, recordando a obriga de denunciar e se tanto confían no criterio do Sr. Alcalde porque a oposición non ten datos suficientes pero o equipo de goberno si e podería ser que se estivera falando dunha negligencia ou de algo máis forte.

Remata a súa intervención o Sr. Prieto García e di que, por último, quere reclamar sobre as vías públicas e comenta que o día da sesión, pola mañá, caeu outra señora na zona da Corveira, indicando que seguen sen repararse as beirarrúas na Corveira, que segue habendo campos de céspede entre beirarrúa e beirarrúa, que brotan porque non hai mantemento, que segue existindo unha sinalización con vallas nunha cafetería na zona da Corveira que impiden o paso pola beirarrúa, que seguen as deficiencias na zona cara ao pazo de Vilaboa, sobre o que o seu grupo xa ten preguntado noutras ocasións e sobre o que tampouco se lle reu resposta, polo que solicita se lle informe se o equipo de goberno ten pensado algunha actuación ao respecto e en caso de que se estime a demanda se o concelleiro responsable vai dimitir ou non porque ultimamente so lle caen sentenzas condenatorias.

Responde a sra. Alcaldesa en funcións e di que se lle contestarán todas as súas preguntas por escrito no seguinte pleno.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o seu grupo presentou polo rexistro xeral do Concello unha pregunta dirixida ao Sr. concelleiro de Deportes e procede á súa lectura dicindo:

“El Plan de dotación de hierba artificial a la totalidad de campos de fútbol del municipio, con el que usted concurrió a las elecciones municipales de 2019, ya ha incorporado al de *“Os Loureiros”* en Almeiras, mientras el de *“O Carrizo”* del Club de Fútbol del Portazgo, continua esperando.

Con relación al de *Os Loureiros*, este Grupo Municipal tiene constancia que el **Proyecto básico y de ejecución** fue redactado por la SLP BLAS TOJO en el año 2017, licitada y adjudicada a la mercantil IAN RUMBO Instalaciones y Obras SL y ya ejecutada.

Existen una serie de cuestiones relacionadas con estos expedientes de contratación sobre los cuales le formulamos las siguientes preguntas para su respuesta por el Concejal de Deporte en el Pleno Municipal.

1. Bajo qué expediente de contratación se le adjudicó a la SLP la elaboración del Proyecto básico y de ejecución *“Instalación de césped artificial y adecuación de perímetro en campo de fútbol Os Loureiros”*, con qué importe y cuál ha sido la fecha de pago del mismo.
2. *En qué fecha fue visado el citado proyecto por el COAG.*
3. *Este proyecto contenía un presupuesto de ejecución, sin IVA, de 317.794,23.- euros y, sin embargo, fue licitado por un importe de 288.903.- euros, un 9% inferior al reflejado en el proyecto, ¿fue aprobado un modificado del proyecto y en qué fecha fue visado el mismo?.*
4. *Qué unidades de obras llegaron a ser suprimidas para justificar una diferencia de un 9%- 28.891,23.- euros-entre el precio del Proyecto y el de la licitación?*

Código do documento	Código do expediente
USG14I0270	USG/2020/156
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3F29 4C58 2Y0R 5L1Y 1D52	

5. *Quién ha sido el Director de obra?*

6. *Se ha tramitado o aprobado algún expediente administrativo de obras o se ha llegado a solicitar por la empresa que resultó adjudicataria de la obra con una baja de un 31% sobre el tipo de licitación.*

7. *Se ha solicitado o ya realizado la recepción de la citada obra.*

8. *Cuándo tiene previsto la inauguración y usos de las actuales instalaciones.*

Con relación a las obras del campo de fútbol O Carrizo, deseáramos conocer si usted sigue planteando al Club la transmisión de la titularidad de los terrenos o ha cambiado de criterio y está en disposición de dotar de hierba sintética a un campo de titularidad privada.”

Responde a sra. Alcaldesa en funcións e di que se lle contestará por escrito.

Retoma a súa intervención a Sra. García Gorostizu e di que ten outra pregunta dirixida tamén ao Sr. concelleiro de Deportes, e di que estos días publicouse en redes sociais un vídeo que recolle o estado no que se atopan as instalacións deportivas do Concello, cun estado irregular do pavimento, con peches perimetrais en mal estado, cables de alumado público no solo, ao aire, falta de rede en porterías e canastas e moitas xa sen porterías nin canastas; que no rural todavía empeora, e os campos de herba natural máis que herba teñen matorrais; que tamén lles trasladaron varias queixas desde os clubs deportivos polos problemas que teñen coas horas de entreamento e subvencións que chegan tarde ou non chegan e chegan só a uns poucos pero sempre prexudicando aos que practican deportes minoritarios; que outro tema que viron é que varios pabellóns non cumpren coa lexislación en temas de accesibilidade, que os mozos e mozas de Culleredo merecen un maior esforzo e implicación por parte do goberno municipal e os clubs deportivos de Culleredo tamén xa que a práctica do deporte desenvolve nas persoas valores moi necesarios para a nosa vida: traballo en equipo, esforzo, constancia, sentido de pertenza, xenerosidade, etc, valores que fan avanzar a sociedade, preguntando se, ante esta situación, o dito concelleiro pode dicir que medidas se van tomar; que hai máis de medio millón de euros en proxectos comprometidos pola Xunta e a Deputación en obras de mellora de espacios deportivos de Culleredo: Paseo do Burgo, praza Europa, Fonte da Balsa e Sagrada Familia, A Corveira, Peiro de Arriba, Os Pelamios, e preguntan se o concelleiro de Deportes pode dicir a que espera o equipo de goberno para levalos a cabo.”

Responde a Sra. Alcaldesa en funcións e di que se verá o estado das instalacións e se lle contestará por escrito.

Segue a súa intervención a Sra. García Gorostizu e di que ten outra pregunta e di que no mes de agosto do 2009 publicouse que o Concello de Culleredo quere aproveitar e converter a Cros nun museo, auditorio ou algo relacionado coa arte e a cultura despois de acometer a descontaminación dos terreos; que no 2018, xa co actual alcalde, o Concello descartou o centro cultural previsto e optou por un proxecto museístico que tivera actividade continuada, sendo nesas datas cando comunicaron que se encargaría unha análise destas superficies para comprobar se se atopaban contaminadas ou non e, en caso afirmativo, concretar a súa afección, de maneira que se determinaría o proxecto de descontaminación para o que se incluíu unha partida de 250.000 euros dentro do proxecto Culleredo VIVO; que xa no 2019 e en campaña das municipais a súa aposta seguía a ser converter a Cros nun museo internacional do automóvil; que no mes de outubro do 2020 viron que cambiaron de idea e presentan como seu o proxecto que o grupo político popular leva no seu programa electoral, complacéndolles que aínda que no Pleno non se lles vota nunca a favor ningunha moción nin proposta presentada polo seu grupo, ao final o equipo de goberno sexa consciente de que teñen un proxecto de goberno para o Concello de Culleredo e intenten levalo a cabo.

Segue coa súa pregunta a Sra. García Gorostizu e di que o seu grupo se ten ofrecido máis veces a colaborar co equipo de goberno porque o que están a demostrar durante estes anos que leva o Sr. Rioboo como alcalde é que

Código do documento	Código do expediente
USG14I0270	USG/2020/156
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3F29 4C58 2Y0R 5L1Y 1D52	

non é capaz de executar nin de levar a cabo ningún proxecto; que o seu grupo, no 2019, propuxo xerar a través de convenio coa Consellería do Mar, un centro tecnolóxico do medio marino para dar apoio ao dragado e rexeneración da ría, e un segundo convenio coa Consellería de economía, a universidade e a empresa privada un centro tecnolóxico do textil impulsando tamén un centro de iniciativas locais de emprego que especializará a súa oferta formativa a mozos e mozas e mulleres e bonificará fiscalmente ás empresas que os contraten; que ante este cambio, o seu grupo quere saber o seguinte:

Qué resultados se obtiveron nas análises realizadas dos terreos colindantes con cargo aos fondos europeos EDUSI? Hai contaminación? É necesaria unha descontaminación? Cómo terá que facerse? Encapsularanse os terreos como se fixo na zona construída?

Qué 20 empresas punteiras son as que apoian este proxecto?

Trasladou xa o proxecto ao Ministerio e á Xunta de Galicia?

A canto ascende o presuposto do proxecto? Cando asumirá o Concello?"

Responde a Sra. Alcadesa en funcións e di que se lle dará información do solicitado.

C.I.F. P-1503100-H

Continúa a súa intervención a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu, e di que ten outra pregunta e di que volve a ter que preguntar neste Pleno pola igrexa de Vilaboa, non entendendo que pasa aquí pois a obra estivo parada durante semanas e cando se trabalou unicamente se vía a dous operarios; que saíu o equipo de goberno a defenderse dicindo que o retraso era debido ao mal tempo pero despois botaron formigón nos días de máis chuva e quedaron traballando case ata a madrugada, preguntando se hai algún perigo de que se perdan os cartos da Deputación se non se remata a obra antes dunha data e cando poderán disfrutar do parque os nenos."

Reponde a Sra. Alcadesa en funcións e di que se lle contestará.

Continúa a súa intervención a señora García Gorostizu e di que, por último, ten un rogo porque nunha das visitas que o seu grupo fixo a Rumbo estiveron cos veciños da zona e lles trasladaron varias peticións que pasa a relacionar:

- No camiño que vai desde Rumbo, 14 á rúa Trapa hai un tramo público que ao non estar canalizadas as augas pluviais inúndase, facéndose intransitable, polo que solicitan a canalización deste tramo do camiño ou que se faga unha cuneta que recolla as pluviais e evite a inundación da zona.
- Que hai unha árbore que entorpece a circulación dos vehículos e fai imposible que pase o camión de bombeiros, ambulancia ou protección civil.
- Que non hai contedores de recollida de lixo desde as últimas casas de Rumbo ata a estrada de Ledoño e que falta iluminación cando escurece, obrigándolles a saír coas linternas dos móbiles.

Responde a Sra. Alcadesa-presidenta e di que se dará resposta a todas as preguntas e concretamente respecto da pregunta sobre o recurso presentado contra a RPT, di que xa se informou na xunta de voceiros que está pendente

Código do documento	Código do expediente
USG14I0270	USG/2020/156
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3F29 4C58 2Y0R 5L1Y 1D52	

dun informe e que a intención do equipo de goberno era traelo a este pleno polo que supón que ao non chegar a tempo para este farase un pleno extraordinario para darlle resposta ao dito recurso

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión sendo as quince horas e corenta minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe

(asina nesta data a concelleira de Benestar Social
e Promoción do Deporte que actuou como alcaldesa
en funcións na sesión)

C.I.F. P-1503100-H